



# Proxecto Educativo de Centro

**IES de Becerreá**  
Castelo, s/n.  
Becerreá – Lugo  
Código do centro: 27016315



Aprobado polo Consello Escolar na súa xuntanza do día 3 de decembro de 1996

1ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 27 de xuño de 1997

2ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 9 de xuño de 1998

3ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 23 de xuño de 1999

4ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 23 de xuño do 2000

5ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 20 de xuño de 2001

6ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 21 de xuño de 2002

7ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 23 de xuño de 2003

8ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 23 de xuño de 2004

9ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 23 de xuño de 2005

10ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 22 de xuño de 2006

11ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 21 de xuño de 2007

12ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 26 de xuño de 2009

13ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 28 de xuño de 2010

14ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 29 de xuño de 2011

15ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 28 de xuño de 2012

16ª Modificación aprobada polo Consello Escolar o día 27 de xuño de 2013

17ª Modificación para introducir o Plan de Convivencia aprobado polo Consello Escolar o día 23 de xuño de 2015

18ª Modificación para adaptalo ao primeiro ano de implantación da LOMCE, abril de 2016.

19ª Modificación para adaptación definitiva á LOMCE en Consello Escolar o día 19 de outubro de 2016

20ª Modificación para adaptación á normativa de titulación no Consello Escolar do día 19 de abril de 2017

21ª Modificación tras Consello Escolar do día 28 de xuño de 2017

22ª Modificación tras Consello Escolar do día 26 de xuño de 2018

23ª Modificación tras Consello Escolar do día 27 de xuño de 2019

24ª Modificación tras Consello Escolar do día 26 de xuño de 2020

25ª Modificación tras Consello Escolar do día 28 de xuño de 2021

26ª Modificación para adaptación dos criterios de promoción e titulación no Consello Escolar do 16 de marzo de 2022

27ª Modificación aprobada polo Consello Escolar do día 28 de xuño de 2022.

28ª Modificación aprobada polo Consello Escolar do día 26 de xuño de 2023.

## ÍNDICE

ÍNDICE .....	3
1- OS PRINCIPIOS DO PROXECTO EDUCATIVO .....	5
2 - ANÁLISE DO CONTEXTO .....	7
2.1 - A ZONA .....	7
2.1.1 - CARACTERÍSTICAS XERAIS .....	7
2.1.2 – SITUACIÓN XEOGRÁFICA E DEMOGRAFÍA .....	8
2.1.3 - CARACTERÍSTICAS DA RESIDENCIA DO ALUMNADO .....	9
2.2 - A ECONOMÍA .....	11
2.2.1 - SECTORES ECONÓMICOS .....	11
2.3 - O MEDIOAMBIENTE .....	13
2.3.1 -CLIMATOLOXÍA .....	13
2.3.2 - VEXETACIÓN .....	13
2.3.3 - PROBLEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL .....	14
2.4 - O CENTRO .....	14
2.4.1 - ANTECEDENTES .....	14
2.4.2 - NOME .....	14
2.4.3 - SITUACIÓN XURÍDICA .....	15
2.4.4 - CARACTERÍSTICAS FÍSICAS .....	15
2.5 - O ALUMNADO .....	15
2.6 – AS FAMILIAS .....	19
2.7 - O PROFESORADO .....	20
3 - FINS EDUCATIVOS .....	21
4 – CONCRECIÓN CURRICULAR .....	22
4.a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro .....	22
4.b) A contribución á adquisición das competencias clave .....	28
4. c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais .....	29
4.d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía .....	32
4.e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos .....	33
4.f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso .....	34
4.g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias .....	37
4. h) Criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores, de ser o caso .....	38
4.i) Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso .....	38
4.j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación .....	40
4.k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso .....	44
4.l) Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas .....	45
4.n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular .....	47
5. - ASPECTOS A AVALIAR POLO CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR .....	49
5.1. - CLAUSTRO DE PROFESORES .....	49
5.2. - CONSELLO ESCOLAR .....	51
6. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	51
7 - ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO .....	57
7.1 – HORARIO .....	57
7.2 - ELEMENTOS MATERIAIS .....	57
7.2.1 - DEPENDENCIAS DO EDIFICIO .....	57
7.2.2 - MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO .....	59
7.3 - ELEMENTOS PERSOAIS .....	59
7.3.1 – ALUMNADO .....	60
CURSO .....	60
7.3.2 – EVOLUCIÓN DA PLANTILLA DE PROFESORADO .....	60
7.3.3 - PERSOAL NON DOCENTE .....	62

7.3.4 - EQUIPO DIRECTIVO .....	62
7.3.5 - CONSELLO ESCOLAR.....	62
7.3.6 - XUNTA DE DELEGADOS.....	62
7.3.7. - A.N.P.A. ....	62
7.3.9 - ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.....	62
7.3.10 - OUTROS ÓRGANOS .....	64
7.4.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	65
7.4.1.-BIBLIOTECA ESCOLAR.....	65
7.4.2.- TRANSPORTE ESCOLAR.....	66
7.4.3.- COMEDOR ESCOLAR.....	67
7.5 - ELEMENTOS ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN .....	68
7.5.1 - A SECRETARÍA.....	68
7.5.2 - ORZAMENTOS .....	68
8- TITORÍA .....	68
8.1.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL .....	68
8.2. - ORGANIZACIÓN DAS TITORÍAS.....	71
8.2.1 - NOMEAMENTO DOS TITORES.....	71
8.2.2 - HORARIO DAS TITORÍAS.....	71
8.2.3 - COORDINACIÓN DO TRABALLO .....	71
8.2.4 - DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN .....	71
8.3. - FUNCIÓNS DA ACCIÓN TITORIAL .....	72
A acción titorial debe estar sustentada polo centro como institución, que ten a obriga de planificar estas accións e determinar fórmulas organizativas que as fagan viable: o departamento de orientación establece unhas actividades básicas para levar a cabo en todos os grupos e priorizan outras en función do curso ou nivel o que vaian destinadas. ....	72
8.4. - ACTIVIDADES TITORIAIS .....	72
9 - DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....	73
9.1. - ANTECEDENTES .....	73
9.2. - OBXECTIVOS XERAIS.....	73
9.3. - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACTIVIDADES.....	74
9.4 - USO DO IDIOMA GALEGO ENTRE O ALUMNADO .....	75
10 - COLABORACIÓN ENTRE SECTORES .....	75
11 – REFERENCIAS LEXISLATIVAS. ....	77
11 - APROBACIÓN E AVALIACION DO P.E.C. ....	79
12 - ANEXOS.....	80
Anexo 1: Plan de convivencia escolar	
Anexo 2: Plan de integración das TIC	
Anexo 3: Proxecto lingüístico	
Anexo 4: Plan lector	
Anexo 5: Proxecto biblioteca	
Anexo 6: Plan de acción titorial	
Anexo 7: Pla Xeral de Atención á Diversidade	
Anexo 8: Planos coa distribución dos espazos	
Anexo 9: Documentos varios	
- Documentación completa para a matrícula na ESO e Bacharelato, incluíndo autorizacións e solicitudes varias.	
- Documento para a avaliación do proceso de ensinanza e práctica docente (información obtida das xuntas de avaliación).	

## 1- OS PRINCIPIOS DO PROXECTO EDUCATIVO

O profesorado que conformamos a comunidade educativa do IES de Becerreá somos conscientes da nosa responsabilidade no desenvolvemento de todos e cada un dos alumnos e alumnas, por iso o noso compromiso a proporcionarlles as mellores experiencias educativas. Este compromiso compartido, expresado nos principios do noso proxecto educativo, é o que nos fai ser unha comunidade.

a) O noso instituto non é soamente un lugar de preparación para a vida, senón que nos esforzamos cada día para facer do centro unha forma de vida na comunidade. No noso centro, aprendemos xuntos resolvendo as tarefas que temos encomendadas, e que configuran o que chamamos o currículo democrático, básico e común.

b) Todos os membros da comunidade, e especialmente o profesorado, fan do ensino unha oportunidade para reconstruír a experiencia vital e dotala do valor educativo compartindo o seu significado e relacionándoo co coñecemento que hemos herdado.

c) Esforzámonos por abrir permanentemente o noso centro ao entorno non só para ampliar as oportunidades de aprendizaxe e mellorar as experiencias do alumnado senón para lograr que toda a comunidade se sinta corresponsable da educación.

d) Un centro educativo, concebido coma unha forma de vida en común, require que todos os seus membros se relacionen e convivan dun xeito xusto, sen outras diferencias que aquelas que poidan beneficiar aos máis necesitados e preservando os principios que lle outorgan a súa identidade.

e) Cremos que todo ser humano ten dereito a definir o seu proxecto de vida, a súa relación cos demais e a sociedade na que desexa vivir desde unha visión do que é bo, o que é verdadeiro e o que é belo e mediante o dominio dunhas competencias básicas que consideramos como as aprendizaxes imprescindibles para a cidadanía.


f) Coidamos a nosa escola e tratamos de facela cada día un lugar máis seguro, estimulante e saudable, conscientes como somos de que o medio escolar é un poderoso axente educativo.

g) As prácticas e métodos de ensino que empregamos no centro están en consonancia coas características educativas dos nosos alumnos e alumnas, están baseadas na confianza sobre as súas posibilidades de aprendizaxe e tratan de facilitar o éxito escolar para todos mellorando continuamente a súa eficacia.

h) A participación de toda a comunidade educativa na organización e xestión do centro, así como a deliberación coidadosa e responsable das decisións que se adoptan e a avaliación permanente dos procesos e resultados obtidos constitúen un impulso permanente para a

mellora.

i) O compromiso educativo salienta a preocupación polo desenvolvemento de habilidades persoais e sociais, o desenvolvemento da afectividade e o mundo emocional, unido ao disfrute do tempo de lecer persoal e familiar, o que favorece unha proposta de traballo xenerosa e atractiva que une o persoal co social, o lecer e o quefacer cotián, de xeito que se desenvolven e viven en espazos e tempos complementarios.



## 2 - ANÁLISE DO CONTEXTO

### 2.1 - A ZONA



#### 2.1.1 - CARACTERÍSTICAS XERAIS

Becerreá é un Concello da Provincia de Lugo dentro da comarca da Montaña, con unha extensión aproximada de 173 km<sup>2</sup>. A súa poboación no último censo é de 3.072 habitantes (ano 2012), cunha densidade das máis débiles de Galicia. A gandería e agricultura ocupan a unha parte importante da poboación activa que alterna esta actividade con outras complementarias da economía agraria. O seu emblema distintivo -o escudo municipal- mostra unha tenreira de ouro -alegoría á riqueza gandeira da zona- unha torre e un sol, todo iso sobre fondo vermello e baixo a coroa real. Os cultivos son os propios da zona de montaña: herbáceos, cereais e tubérculos. Outro cultivo con algunha importancia é a produción forestal.



Predomina o gando vacún (sobre todo o de carne e en menor escala o de leite) seguido do porcino e minoritariamente o laar.

A vila de Becerreá centra a actividade comercial e administrativa, con algúns talleres e empresas de construción e un número mínimo de fábricas e almacéns.


O 40 % do alumnado dispón dalgunha maquinaria agrícola na súa casa, mentres que no 93 % dos fogares dispoñen dalgún vehículo.



Becerreá conta cun Centro de Educación Primaria, un Centro de Atención Primaria dependente do SERGAS, un Centro de Servizos Sociais, unha biblioteca pública e un pavillón de deportes.

Toda a bisbarra é moi montañosa, destacando a Serra dos Ancares onde os montes case chegan os 2.000 metros de altitude. O núcleo fundamental desta serra, a súa columna vertebral empeza no Penarrubia (1.822 m) ó que seguen en dirección nordés o Tres Bispos (1795 m), Corno Maldito (1860 m), Pico Lanza (1867 m), O Mostallar (1935 m), Penalonga (1878 m), Cuiña (1998m) e Miravalles (1969 m). Outras montañas importantes aínda que fora da Serra dos Ancares son: Montes do Cebreiro en Pedrafita e o Pico Surcio en Murias de Rao.

O principal río da zona é o Navia, cos seus afluentes, Cancelada, Cervantes, Quindós, Balouta e o río Ser, o máis grande de todos eles. Outro río destacable é o río Neira estendéndose o seu val dende Becerreá a Baralla.



Como referencia indicar que o IES de Becerreá atópase a 640 m de altitude, o colexio de San Román de Cervantes a 680 m, o de As nogais a 520 m, o de Pedrafita a 1.140 m, e o de Navia de Suarna a 300 metros aproximadamente.

## 2.1.2 – SITUACIÓN XEOGRÁFICA E DEMOGRAFÍA

### *Situación xeográfica da comarca da montaña*

Becerreá, considerado como a porta natural cara Os Ancares lucenses, é un municipio da provincia de Lugo, situado en latitude 42º 51' N e lonxitude 7º 10' O. Limita ao Norte cos concellos de Navia de Suarna e Baleira, ao Sur cos de As Nogais e Triacastela, ao Este con Cervantes e ao Oeste cos de Baralla e Láncara.

Becerreá, considerado como a porta natural cara aos Ancares Lucenses, é un municipio da provincia de Lugo, situado en latitude 42º 51' N e lonxitude 7º 10' Ou. Limita ao Norte cos concellos de Navia de Suarna e Baleira, ao Sur cos das Nogais e Triacastela, ao Leste con Cervantes e ao Oeste cos de Baralla e Láncara.



**Demografía da comarca da montaña**

A evolución demográfica tamén vai a baixa. Becerreá, contaba a principios do século XX cuns 9.153 habitantes, cifra que foi descendendo desde os anos setenta a causa do éxodo rural e a emigración. Os anos oitenta, trouxeron un leve repunte demográfico á alza e en 1981 o censo arroxaba una cifra total de 5.034 habitantes. No ano 2010 a poboación residente descende a 3.181 persoas no municipio de Becerreá. O



crecemento vexetativo tal como ocorre con outros municipios do entorno é negativo debido principalmente á baixa taxa de natalidade.

Poboación- padrón 2012	Total	Homes	Mulleres
<b>Poboación total</b>	<b>3.071</b>	<b>1.556</b>	<b>1.515</b>
<b>de 0 a 14 anos</b>	<b>185</b>	<b>103</b>	<b>82</b>
<b>De 15 a 19</b>	<b>86</b>	<b>39</b>	<b>47</b>
<b>de 20 a 64 anos</b>	<b>1.731</b>	<b>912</b>	<b>819</b>
<b>de 65 a máis anos</b>	<b>1.069</b>	<b>502</b>	<b>567</b>

**2.1.3 - CARACTERÍSTICAS DA RESIDENCIA DO ALUMNADO**

Os datos que se recollen a continuación foron elaborados a partir dunha enquisa que se lle pasou ao alumnado de ESO. Únicamente os datos de residencia está referidos tamén ao alumnado de bacharelato.

<i>Concello da residencia familiar ...</i>	<i>ESO</i>	<i>BAC</i>
Becerreá.....	71 %	45%
As Nogais.....	25 %	20%
Pedrafita do Cebreiro.....	0 %	3%
Navia de Suarna .....	0 %	0%
Cervantes .....	0 %	2%
Baralla.....	1 %	18%
Triacastela ....	2 %	0%
Outros.....	1 %	1%

**Características da vivenda familiar**

Vivenda unifamiliar .....	76 %
---------------------------	------

Piso .....	24 %
Calefacción...	86 %
Teléfono.....	97 %
Televisión.....	99 %
Video/DVD ..	93 %
Equipo de música ...	90 %

#### *Convivencia familiar*

Só con pais e irmáns.....	49 %
Con pais, irmáns, avós, tíos, etc. ..	51 %

Hai unha media de 0,97 irmáns por alumno-a

#### *Distancia do domicilio familiar ó Instituto*

Menos de 2 km.....	27 %
De 2 a 10 km. ....	40 %
De 10 a 20 km.....	24 %
De 20 a 30 km.....	8 %
De 30 a 50 km.....	1 %
Máis de 50 km.....	0 %

#### *Residencia durante o curso escolar*

Domicilio familiar ..	99 %
Domicilio dun familiar .....	1 %

#### *Medio de transporte utilizado para asistir ó Instituto*

Ningún (residencia en Becerreá)..	8 %
Coche dun familiar. ....	3 %
Transporte escolar pagado polo alumno.	89 %

#### *Tempo investido a diario para facer o traxecto residencia-instituto*

Menos de 15 minutos .....	43 %
De 15 a 30 minutos . ....	30 %
De 30 minutos a 1 hora .....	24 %
Máis de 1 hora .....	3 %

#### *Hora a que se levantan a diario*

Antes das 7 h.....	%
--------------------	---

De 7 a 7.30 h. ....	2 %
De 7.30 a 8 h. ....	7 %
De 8 a 8.30 h. ....	40 %
De 8,30 a 9 h. ....	36 %
De 9 a 9,30 h. ....	15 %

***Onde comen a mediodía durante o curso escolar***

Domicilio familiar ..	22 %
Domicilio dun familiar .....	0 %
Bar .....	0 %
Bocadillo.....	1 %
Comedor escolar.....	77 %

Na ESO a maioría do alumando é residente en Becerreá mentres que no BAC incrementase a matrícula de alumnos procedentes doutros concellos limítrofes. É obxectivo do instituto consolidarse como centro de referencia do ensino postobligatorio nos concellos da comarca.

A totalidade do alumnado dispón na súa vivenda do equipamento básico ou común dunha vivenda media. A unidade familiar integra en algo máis da metade dos casos aos avos e outros familiares ata o terceiro grao. A media de irmáns non alcanza a unidade (0,97). Na ESO case a totalidade do alumnado utiliza o transporte e comedor escolar sendo un tercio deles os que teñen desprazamentos superiores aos de 10 Km. o que se traduce en tempos de viaxe relativamente longos.

## 2.2 - A ECONOMÍA

### 2.2.1 - SECTORES ECONÓMICOS

#### **Actividade agrícola, gandeira e mineira**

A base produtiva do concello de Becerreá baséase fundamentalmente no sector primario, que dá ocupación a aproximadamente un 80% da poboación activa, aínda que na última década os sectores de ocupación fóronse diversificando. Neste contexto, a agricultura e a gandería están intimamente ligadas. Preto dun 776% da superficie total dedícase ao cultivo, ocupando o resto o policultivo de montaña. A superficie dedicada a prados e pastos supón o 11% fronte ao espazo forestal que ocupa aproximadamente un 77% do terreo.

Polo que se refire ás explotacións agrogandeiras, nelas conviven o policultivo de autoconsumo e o de forraxes, decaendo durante a última década o cultivo do cereal. A cabana gandeira

augmentou, ao mesmo tempo que aumentou a súa calidade debido ás melloras xenéticas introducidas. Neste entorno, destaca a cabana bovina que -segundo datos flutuantes- alcanza unhas 3753 cabezas, destinándose máis do 50% á produción láctea e á cárnica en menor medida. Polo xeral, o tamaño destas explotacións é reducido e de carácter familiar, cunha media de 10-12 cabezas de gando por unidade de explotación. Os sectores do gando porcino, ovino e equino atópanse presentados en moi menor medida.

O enorme potencial forestal está magnificamente representado nos poboados bosques de carballos, castaños, piñeiros, alisos e bidueiros, aínda que a súa explotación económica é escasa, do mesmo xeito que a súa planificación, coidado, protección e aproveitamento. Non é este, con todo, un defecto exclusivo, senón un mal endémico que afecta a toda Galicia.

A actividade mineira límtase a extracción de pedra caliza concentrada en Baralla, Becerreá e As Nogais.

---

### **Actividade industrial**

---

O sector secundario está pouco desenvolvido en Becerreá. O tecido produtivo industrial é mínimo, reducíndose a un puñado de industrias, de transformación da madeira, produción de pensos e prefabricados de formigón e forxado, dependendo en gran medida do sector agropecuario. O municipio dispón dun polígono industrial de recente creación e escaso aproveitamento, mentres se expón buscar novo chan industrial e abrir un segundo polígono.

---

### **Sector servizos**

---

O sector servizos, máis dinámico e sempre en crecemento, foi, é e previsiblemente será un dos principais motores da economía local. Á abundante oferta hostaleira -orientada ultimamente cara ao crecente turismo rural- súmase un heteroxéneo comercio polo miúdo e unha ampla representación de negocios dedicados ao sector alimentario. O sector da automoción e a banca tamén están amplamente representados na nosa vila. Becerreá, a capital municipal, é o principal foro de comercio e servizos, celebrándose feiras os días 3 e 19 de cada mes nas que destaca -como non podía ser doutro xeito- o mercado gandeiro, así como os produtos artesanais e gastronómicos típicos da zona. O carácter montañoso da comarca é o principal atractivo turístico, xunto cos monumentos vinculados ó Camiño de Santiago e algúns centros de interese etnográfico. Neste sentido destaca Pedrafita do Cebreiro, e en xeral, a serra de Os Ancares, que conta con unha Reserva Nacional de Caza.

## 2.2.2 - PROBLEMÁTICA LABORAL

### *Datos estadísticos sobre o paro*

Os datos reflectidos neste apartado refírense ó concello de Becerreá.

Os datos do paro correspondentes ao mes de abril de 2013 recóllense na seguinte táboa:

HOMBRES	MUJERES	AGRICULTURA	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVICIOS	Sen ocupación anterior
<b>135</b>	<b>103</b>	28	14	42	140	14
<b>238</b>						

## 2.3 - O MEDIOAMBIENTE

### 2.3.1 -CLIMATOLOXÍA

A climatoloxía da zona sufriu notables cambios nas últimas dúas décadas. Como en calquera outra parte do maltratado planeta Terra, o cambio climático fíxose notar máis e máis co paso dos anos. No entanto, Becerreá pode encadrarse nun clima oceánico de montaña, con invernos longos e fríos e abundantes precipitacións, tamén en forma de neve. Os veráns son curtos e frescos. Consecuentemente, as duras condicións climáticas e o modelado contribuíron á humanización da paisaxe, onde o home tivo que adaptarse constantemente ao medio. Utilizando datos recentes da cercana estación de Pedrafita temos valores de temperatura media anual de 81C cunha amplitude térmica de 151C. A temperatura media mensual mínima é de 0,71C no mes de xaneiro, e a máxima de 151C no mes de agosto.

O carácter da precipitación anual é de tipo Hiperhúmido (valores de precipitación anual superiores a 1400 mm) rexistrándose na estación de Pedrafita 2043 mm, sendo a primavera e o outono as estacións máis húmidas.

### 2.3.2 - VEXETACIÓN

A vexetación típica da bisbarra son os bosques caducifolios, principalmente de rebola e bidueiro, que alternan con vellos soutos e recentes repoboacións de piñeiros. En toda a zona a actividade humana, principalmente a derivada da gandería e agricultura condicionou a flora actual.

A particularidade da Serra dos Ancares, moi aloxada das principais vías de comunicación, permitiu manter intactos algúns dos rasos máis característicos da configuración botánica da área. Nesta zona existe unha gran variedade de árbores, entre os que predominan a rebola (*Quercus*

pyrenaica), a carba (Q. petraea), o carballo (Q. robur), así como bidueiros, acibros, freixos, aveleiras, castiñeiros, ameneiros, chopos, capudres, aciñeiras, faias, teixos, cerdeiras, salgueiros, etc.

Merece especial mención a presenza de especies típicas da zona mediterránea como é o caso do aciñeiral de Cruzul, moi preto do noso centro.

### 2.3.3 - PROBLEMÁTICA MEDIOAMBIENTAL

O principal problema medioambiental na zona son as canteiras como a que ameaza o aciñeiral de Cruzul e que é visible dende o propio centro. A escasa entidade dos núcleos de poboación e a ausencia de industrias importantes na zona fan que a contaminación por residuos urbanos ou industriais da atmósfera ou das augas non sexa neste caso o principal problema.

## 2.4 - O CENTRO

### 2.4.1 - ANTECEDENTES

Segundo o Decreto 471/1990 do 20 de setembro da Consellería de Educación créase o Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional de Becerreá por fusión do Centro de Bacharelato e da Sección de Formación Profesional que existían na localidade.

No curso 1991-92, funciona como I.E.S.P. pero manténdose os estudos de bacharelato e os de F.P. en edificios distintos por problemas de espazo. Salientar que ningún profesor impartiu clases nos dous edificios simultaneamente.

No curso 1992-93 e por construción dun novo edificio no solar do centro de bacharelato, funciona o I.E.S.P. xa en dependencias conxuntas compartindo horario os profesores en bacharelato e formación profesional.

### 2.4.2 - NOME

**Instituto de Educación Secundaria de Becerreá.**

**c/ Castelo s/n, 27640 Becerreá (Lugo).**

**Teléfonos: 982 82 82 92**

**N.I.F.: Q7755306C Código: 27016315**

### 2.4.3 - SITUACIÓN XURÍDICA

Público, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia

### 2.4.4 - CARACTERÍSTICAS FÍSICAS

- Solar: 11.182 m<sup>2</sup>.

- Superficie edificada: 5.083 m<sup>2</sup>.

Está construído en dúas edificacións independentes de tres plantas cada unha, unidas por unha pasarela.

A primeira edificación corresponde o antigo centro de bacharelato e ten 2.231 m<sup>2</sup>. A segunda, inaugurada en agosto do 92 ten 2.852 m<sup>2</sup>.

- Aparcamento: 300 m<sup>2</sup>.

- Pista de deportes: 1.400 m<sup>2</sup>.

- Polideportivo cuberto: 570 m<sup>2</sup>

- O resto da superficie do solar esta ocupado por zonas de xardín e espacios o aire libre co chan de formigón.

## 2.5 - O ALUMNADO

As enquisas para obter os datos deste apartado fixéronse durante o curso 2008-2009 sobre os 96 alumnos de ESO, o que representa un 55 % do total do alumnado do centro.

Amósase a continuación a súa opinión en diferentes temas:

### Sobre os costumes

#### *Medios de información máis usados*

Ningún .....	0 %
Televisión.....	88 %
Radio .....	9 %
Prensa .....	15 %
Internet .....	48 %

#### *Axudan ós pais no seu traballo*

Si .....	42 %
----------	------

#### *Hora a que se van a durmir*

De 10 a 12 h. ....	80 %
Máis tarde das 12 h. ....	20 %

***Hábitos sociais***

Beben alcohol habitualmente .....	3 %
Beben alcohol algunha vez .....	23 %
Non beben nunca ... ..	74 %
Fuman a diario .....	6 %
Fuman algunha vez .....	11 %
Non fuman nunca .. ..	83 %
Probaron algunha droga das prohibidas.	1 %

Sendo a TV a canle de información máis habitual o uso de internet vai en aumento aínda que sen acadar os niveis medios de nucleos urbanos máis desenvolvidos. Case a metade do alumnado colabora nas tarefas familiares relacionadas coa actividade agrícola ou gandeira o que dificulta a organización dun horario de estudo sistemático. O consumo de bebidas alcohólicas e tabaco ten pouca incidencia no alumnado da ESO.

**Sobre o estudo**

***Hábitos de estudio***

Estudio diario .....	23 %
Dous día por semana .....	23 %
Só en vésperas de exames.. ..	50 %
Nunca .....	4 %

***Cuarto de estudio individual***

Si .....	81 %
----------	------

***Posúen materiais de apoio ó estudio (diccionarios, enciclopedias...)***

Si .....	97 %
----------	------

***Axúdanche nas tarefas escolares (pais, irmáns, profesor particular...)***

Si .....	30 %
----------	------

Constátase a falta de hábito de estudo regular primando o traballo inmediatamente anterior aos exames sendo as condicións ambientais (espazos, materias...) para o estudo boas na inmensa maioría dos casos.

**Sobre o tempo de lecer**

***Tempo diario adicado a ver a televisión***

Ningún .....	3 %
Menos de 1 hora .....	24 %
De 1 a 2 horas.....	27 %



De 2 a 3 horas.....	24 %
Máis de 3 horas.....	22 %

#### *Saídas cos amigos*

Nunca .....	15 %
A diario .....	31 %
Só os fins de semana .....	54 %

#### *Saen de vacacións fora da localidade de residencia*

Nunca .....	34 %
Algunha vez. ....	66 %

#### *Deportes que practican*

Ningún .....	36 %
Si practica .....	64 %
Fútbol .....	40 %
Baloncesto ....	12 %
Pasear en bici .....	22 %
Footing .....	11 %
Patinaxe .....	8%
Judo .....	4%
Outros.....	3%

#### *Libros que len no tempo de lecer*

Ningún .....	14 %
Lecturas obrigatorias .....	64 %
Lecturas que fan pola sua conta.....	14%
Revistas .....	43 %
Xornais .....	18 %

Unha parte importante do tempo de lecer é adicado a ver a TV (máis de dúas horas diarias case na metade dos casos) mentres que as saídas cos amigos concéntranse só durante a fin de semana. Máis da metade do alumnado practica algunha actividade física ou deportiva aínda que persiste unha porcentaxe significativa de alumnado sedentario. Hai que ter en conta á dificultade que supón para o acceso a este tipo de prácticas a xornada partida que ten o centro.

A práctica lectora concéntrase nas lecturas obrigatorias sendo unha minoría aqueles que realizan lecturas voluntarias o que nos leva á necesidade de actuar con medidas educativas para invertir a tendencia.

**Sobre a relación coa familia*****Cos pais***

Boa .....	94 %
Regular .....	4 %
Mala .....	0 %
Non existe ....	1 %

***Cos irmáns***

Boa .....	83 %
Regular .....	14 %
Mala .....	3 %
Non existe ....	0 %

***Cos avós***

Boa .....	90 %
Regular .....	2 %
Mala .....	1 %
Non existe ....	7 %

O alumnado describe unhas boas relacións no seno das súas familias o que constitúe unha premisa importante para o logro dun ambiente de convivencia axeitado no centro.

**Sobre o Instituto*****Como se senten***

Ben .....	88 %
Regular .....	7 %
Mal .....	5 %

***Relación que manteñen co profesorado***

Boa .....	67 %
Regular .....	31 %
Mala .....	2 %

***Actividades extraescolares nas que lle gustaría participar***

Ningunha .....	10 %
Deportivas.....	56 %
Manualidades .....	7 %
Vídeo .....	3 %
Teatro .....	8 %
Música .....	45 %

***Que cambiarían***

Actitude dos profesores.....	30 %
Actitude dos compañeiros. ....	5 %
Certas asignaturas.. ....	29 %
O horario.....	82 %
A distancia ao domicilio ....	1 %
Nada .....	4 %
Outras cousas.....	4 %

***O que lle gustaría facer ó rematar***

Ir a Universidade....	60 %
Traballar nunha empresa... ..	22 %
Montar unha empresa propia .....	10 %
Montar un negocio .....	8%

O alumnado síntese cómodo no centro mantendo relacións positivas dentro da comunidade sendo o horario escolar o aspecto que valoran máis negativamente.

**2.6 – AS FAMILIAS**

**Idade**

***Pai***

Falecido .....	1 %
De 30 a 39 anos .....	16 %
De 40 a 49 anos .....	61 %
De 50 a 59 anos .....	18 %
Máis de 60 anos .....	4 %

***Nai***

Falecida .....	1 %
De 30 a 39 anos .....	30 %
De 40 a 49 anos .....	62 %
De 50 a 59 anos .....	7 %
Máis de 60 anos .....	0 %

**Estudos**

***Pai***

Ningúns.....	1 %
Primarios.....	54 %
Medios.....	33 %
Universitarios .....	2 %

***Nai***

Ningúns.....	6 %
Primarios.....	47 %
Medios.....	40 %
Universitarios .....	7 %

**Profesión**

***Pai***

Por conta propia....	49%
Por conta allea.....	29%
Funcionario ou empregado público...	9%
Parado .....	6%
Pensionista.....	7%

***Nai***

Por conta propia.....	29%
Por conta allea.....	37%
Funcionaria ou empregada público...	12%
Parada .....	1%
Pensionista.....	%
Ama de casa .....	21%

Practicamente a totalidade dos pais teñen algún estudo, sendo os primarios os máis salientables e os universitarios moi pouco significativos. Mentres que case a metade dos pais son traballadores por conta propia no caso das nais son maioría as que o fan por conta allea ou asumen as tarefas domésticas e de atención á explotación agrícola-gandeira familiar.

**2.7 - O PROFESORADO**

No curso 2017-2018 o centro conta cun total de 25 docentes (dous deles con medio horario cada un, polo que o número de prazas docentes é de 24; un profeor é itinerante), 13 profesoras e 12 profesores.

***Sexo***

Homes .....	48 %
Mulleres .....	52 %

***Idade***

31 - 35 .....	4 %
36 - 40 .....	8 %
41 - 45 .....	8 %
46 - 50 .....	24 %
51 - 55.....	32 %
56 - ..	24 %

**Idade media aproximada... .. 51 anos**

***Concello de residencia durante o curso***

Becerreá.....	4,00 %
Nogais.....	4,00 %
Lugo .....	75,00 %

Outros ..... 17,00 %

***Tipo de destino no centro***

Definitivo ..... 92 %

Provisional ... ..... 8 %

***Antigüidade no centro dos docentes con destino definitivo***

Ata 5 anos..... 5 profesores/as

de 6 a 10 anos..... 1 profesores/as

de 11 a 15 anos ..... 8 profesores/as

de 16 a 20 anos..... 3 profesores/as

máis de 20 anos..... 6 profesores

***Antigüidade media aproximada . .... 13,6 anos***

A plantilla do profesorado é moi estable o que implica un progresivo aumento da idade media e da antigüidade no centro. A maioría reside fóra da comarca sendo Lugo a residencia máis habitual.

### 3 - FINS EDUCATIVOS

**FINALIDADE DA ESO:** consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente en aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo; preparalo para a súa inserción laboral e formalo para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

**FINALIDADE DO BACHARELATO:** forma parte da educación secundaria, na fase postobligatoria e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior

A continuación formulamos os **fins educativos do centro:**

- *Pleno desenvolvemento da personalide do alumno/a.*
- *Formación no respecto ós dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.*
- *Adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos.*
- *Capacitación para o exercicio de actividades profesionais.*

- *Formación no respecto da pluralidade lingüística e cultural.*
- *Preparación para participar activamente na vida social e cultural.*
- *Formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.*
- *Formación na igualdade de oportunidades para ambos os dous sexos.*
- *Formación para a valoración do medio ambiente.*

## **4 – CONCRECIÓN CURRICULAR**

### **4.a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

#### NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

As capacidades que a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no noso alumnado permitiranlles acadar os seguintes obxectivos, dos que facemos ademais unha concreción máis específica, nalgún caso, para adaptalos ao noso centro:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Pretendemos que as nosas alumnas e alumnos cheguen a ser persoas libres, responsables e honestas, comprometidas co desenvolvemento e mellora do noso entorno social, a través da análise dos mecanismos e valores que rexen o funcionamento da sociedade, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles.

b) Comprender a importancia de desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Ensinámoslles a estudar e a organizarse adquirindo hábitos de orde e traballo, favorecendo as diversas formas de traballo en equipo. Fomento da lectura (puntos de lectura, clubs de lectura, etc).

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre

homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

O noso principal obxectivo da educación non discriminatoria é a eliminación dos estereotipos sexistas provenientes das familias e do contorno social inmediato e ampliar a seguridade en si mesmas das alumnas, motivándoas á consecución da autonomía e independencia persoal.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

Perseguiamos que o alumnado sexa capaz de alcanzar a confianza en si mesmos, seguridade afectiva e emocional, capacidade de autocrítica e superación. Tratar de potenciar a actitude crítica ante situacións discriminatorias. Establecer a mediación como mecanismo de resolución de conflitos, aproveitando ao equipo de mediación existente no centro para tal efecto.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación, valorando as súas aplicacións e incidencias no seu medio físico e social, e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

O centro contribuirá a mellorar as habilidades dos alumnos para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento, adquiríndoas habilidades precisas para facer un uso axeitado e seguro das mesmas, tanto para si como para os demais.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

Pretendemos que o alumnado domine os coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e as habilidades básicas propias das materias cursadas valorando a importancia das novas tecnoloxías.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Propiciaremos situacións que requiran do alumnado a adopción de decisións autónomas que potencien a súa madurez e responsabilidade. Fomentar a participación oral de todos os alumnos e alumnas nos debates que se presenten nas actividades académicas e vida cotiá do centro.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo

da literatura.

Fomentamos por medio de debates, comentarios, preguntas e respostas, exposicións monográficas, etc. a expresión oral, ampliar o vocabulario empregado habitualmente polo alumnado e empregar as linguas con precisión. Fomentamos a lectura comprensiva desde todas as materias asegurando un potencial moi importante no desenvolvemento do alumnado.

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

Trátase de inculcar a importancia actual do estudo e dominio das linguas estranxeiras, empregando con precisión a lingua oral e escrita. Manter o impulso das seccións bilingües (implantadas para a ESO na materia de Educación Física), programas de inmersión lingüística e aquelas outras actividades que permitan a mellora da competencia lingüística e que contribúa a enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

Fomentamos o interese por estar ben informados, realizando un seguimento dos grandes acontecementos sociais, políticos e económicos da actualidade. Fomentar o coñecemento daquelas persoas do noso entorno máis próximo e que realizaron achegas á nosa cultura o u sociedade.

k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora

Promovemos o coñecemento, valoración e control do propio corpo, adquirindo hábitos de exercicio físico, hixiene, alimentación equilibrada e descanso. Potenciamos as habilidades físicas básicas desde un punto de vista saudable, favorecendo as calidades deportivas tamén como medio de relación social e emocional.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Iso supón desenvolver a sensibilidade artística e literaria como fonte de información e enriquecemento cultural estimulando a creatividade.



m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Fomentar o coñecemento e a conservación do noso patrimonio cultural. Respectar a riqueza da diversidade cultural e lingüística e velar pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural galego.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión da riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Posta en valor da lingua galega como elemento básico da nosa identidade.

#### NO BACHARELATO

As capacidades que o Bacharelato contribuirá a desenvolver no noso alumnado permitiránlles acadar os seguintes obxectivos, dos que facemos ademais unha concreción máis específica, nalgún caso, para adaptalos ao noso centro:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

Pretendemos que o alumnado asuma os seus deberes como estudantes e como cidadáns ao tempo que exerciten os seus dereitos. Adquirir hábitos de comportamento democrático, preparándose para a interacción social mostrándose respectuosos, responsables, solidarios e honestos. Sensibilizar aos alumnos na conservación do entorno e a defensa da paz.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

Fomentar actividades individuais e colectivas nos alumnos/as que lles axuden ao desenvolvemento da súa madurez persoal e social. Lograr un ambiente de respecto ás diferenzas persoais, relixiosas, etc. Favorecer a asunción de responsabilidades individuais no funcionamento do centro. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo, das súas características e posibilidades. Axudar a utilizar a súa propia conciencia de forma crítica, para examinar

sentimentos, valores e modelos persoais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación se-xual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Tratamos de introducir nas aulas a conciencia de que non existen profesións máis ben femininas e profesións máis ben masculinas no mercado laboral e o concepto de equidade nun contexto de educación para a cidadanía. Analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas, especialmente, con discapacidade.

d) Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e como medio para o desenvolvemento persoal. Fomento do hábito da lectura, potenciando as actividades de grupo na biblioteca. Asesorar ao alumnado na necesidade dunha disciplina no estudo para afrontar dun xeito eficaz os estudos do bacharelato. Fomentar as sesións de tutoría individuais para asesorar ao alumnado na organización do seu traballo en función das súas características e posibilidades, valorando o esforzo e a superación de dificultades.

e) Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. Contribuír á mellora das capacidades de comprensión e produción de mensaxes orais e escritos nos alumnos. Fomentar o uso correcto e preciso en cada unha das áreas dun vocabulario técnico, facilitando a ampliación e precisión do vocabulario de uso xeral do alumnado. Fomentar a lectura como fonte de coñecementos dos mecanismos de expresión.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. Lograr unha comunicación efectiva.

g) Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. Potenciar nas diferentes áreas a ensinanza de estratexias para a realización de traballos. O profesorado proporcionará inicialmente orientacións básicas ao alumnado sobre os recursos e as fontes a utilizar para posteriormente exixirlle maior autonomía.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu entorno social.

Implicación de todas as materias e fomento do espírito crítico para acercar ao alumnado á realidade do mundo contemporáneo desde a súa contorna. Acercar a realidade ao alumnado mediante conferencias, proxeccións, visitas, etc.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.

Os coñecementos e habilidades a conseguir concretaranse nos proxectos curriculares de cada unha das materias.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do ambiente, con especial referencia ao territorio galego.

Promover a identificación de problemas, formulación de hipóteses, planificación e realización de actividades para contrastar as hipóteses, sistematización e análise dos resultados e finalmente a comunicación dos mesmos. Cada alumno ou alumna valorarán as posibilidades de cada materia como instrumento de investigación. Análise crítica da repercusión da ciencia e da tecnoloxía nos hábitos da vida cotiá. Espertar o interese do alumnado pola importancia da conservación da riqueza natural -terrestre e marítima- de Galicia.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.

Desde as diferentes materias promover no alumnado unha serie de factores como a innovación, creatividade, capacidade de visión global, asunción controlada de risco, liderazgo, e avaliación de oportunidades. Propiciar nos alumnos o interese por xerar cambios significativos nos diferentes medios nos que se desenvolvan aplicando niveis de compromiso, imaxinación, entusiasmo e enerxía.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Promover actividades que favorezan este obxectivo: visitas a exposicións, museos; participación en concursos literarios e artísticos; conferencias, etc. Fomentar o coñecemento das realidades artísticas e literarias do contorno máis próximo.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

Favorecer a superación persoal, consolidar hábitos de hixiene e saúde, fomentar a cooperación

e o respecto, adquirir valores que conleven actitudes e comportamentos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable. Preténdese que os mozos e mozas cheguen a ter unha actitude responsable como peóns, pasaxeiros e condutores, reflexionen sobre a súa propia conduta para previr posibles situacións de risco, concienciándose das graves consecuencias que levan os accidentes de tráfico.

o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Promover a sensibilidade e o interese polo coñecemento e conservación do noso patrimonio desde a diferentes materias.

#### **4.b) A contribución á adquisición das competencias clave**

COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión culturais.

Coa inclusión destas no currículo perséguese:

- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais como informais.
- Permitir ao alumnado integrar a súas aprendizaxes, poñelos en relación cos diferentes contidos e utilízaos e transferilos en novas situacións e contextos.
- Orientar o proceso de ensino permitindo identificar contidos e criterios de avaliación básicos e axudar a tomar decisións no proceso de ensinanza e de aprendizaxe.

Coas materias do currículo buscamos que o alumnado alcance os obxectivos educativos e adquira as competencias clave.

Non existe unha relación unívoca entre unha determinada materia e unha competencia clave (nas programacións de cada materia indícase a contribución específica de cada unha delas á adquisición das competencias), senón que cada materia contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias clave e cada competencia alcánzase como resultado das accións realizadas en conxunto desde as distintas materias.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, sempre que sexa posible sería axeitado deseñar actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Durante as sesións de avaliación o profesorado das distintas materias informará, no caso de cada alumno/a, daquelas competencias clave nas que se poden presentar máis dificultades, co obxectivo de actura de forma transversal para garantir un mellor desenvolvemento das mesmas.

Ademais, o traballo realizado nas materias debe complementarse con medidas de organización e funcionamento. Determinados aspectos organizativos como poden ser:

- o funcionamento do centro e as súas aulas,
- a participación do alumnado na acción educativa,
- o plan de convivencia consensuado,
- as metodoloxías empregadas,
- os recursos didácticos,
- a biblioteca do centro, o seu uso e a organización, inflúen no desenvolvemento das

competencias asociadas á comunicación, análise do contorno físico, a convivencia, a cidadanía e a alfabetización dixital.

Por outra banda cremos que a acción titorial permanente pode ser determinante para o logro das competencias asociadas á regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional e as habilidades sociais.

Tampouco podemos esquecer que a planificación das actividades complementarias e extraescolares contribúen a reforzar todas as competencias.

#### **4. c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Con respecto aos principios pedagóxicos, cabe comezar pola finalidade de garantir o principio de atención á diversidade do alumnado, especialmente na etapa obrigatoria, desenvolveranse as actuacións e programas de tipo organizativo ou curricular que se poden levar a cabo no proceso de planificación ou no desenvolvemento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe para atender ás necesidades educativas concretas do alumnado e contribuír á consecución das competencias clave e dos obxectivos da etapa. As ditas medidas deben abarcar desde a prevención ata a intervención directa co alumnado. Unha vez que se detecten dificultades de aprendizaxe, o centro porá en marcha as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do alumnado. As medidas que o centro, no exercicio da súa

autonomía, serán tanto preventivas (plan de acollida, avaliación inicial, acción tutorial, optatividade contemplada no currículo, ...) como medidas ordinarias a aplicar unha vez detectadas as dificultades (programas de reforzo, agrupamentos flexibles, exención da segunda lingua estranxeira, ...).

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, favorecendo a capacidade de aprendizaxe autónoma, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas nos currículos de cada materia.

A lectura constituirá un factor fundamental na acción pedagóxica para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, desenvolveranse proxectos transversais como a "hora de ler" (recollida no proxecto da biblioteca escolar). Así mesmo, nas distintas materias dedicarase un tempo de lectura e, se é posible, á práctica de intervencións orais que melloren a capacidade do alumnado para expresarse en público, nos termos recollidos na concreción curricular de cada unha.

Fomentarase a maior integración posible na impartición do currículo das linguas que forman parte da oferta educativa do noso centro, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. Trátase, deste xeito, de evitar a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

As tecnoloxías da información e da comunicación, con especial aproveitamento do Proxecto Edixgal no noso caso, serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias das etapas educativas, tanto polo seu carácter imprescindible noutras etapas educativas como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

No referido aos elementos transversais, saberes comúns que temos que desenvolver entre todas as materias para contribuír ás competencias clave e á consecución dos obxectivos da etapa, son tratado non só desde a acción de cada materia en particular, senón tamén co desenvolvemento de estratexias de actuación que afectan ao centro no seu conxunto e a programas específicos que se recollen nas actividades complementarias e extraescolares e que se desenvolven coa participación de persoas e entidades colaboradoras, así como coa interacción e convivencia co alumnado doutros centros educativos da comarca. A programación destas

actividades, así como a memoria final das mesmas deben servir para analizar, avaliar e garantir o tratamento destes temas transversais.

Sen prexuízo do tratamento específico que se realice desde algunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, co Plan de Igualdade do centro como ferramenta básica e guía, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social (tanto desde as propias interaccións entre membros da comunidade educativa, como desde a acción titorial e a actividade do equipo de mediación en conflitos escolares creado no centro), así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empre-garase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, o que se terá en conta na redacción dos distintos documentos do centro.

En calquera caso, cabe buscar a implementación de actividades que poñan en xogo aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Neste apartado específico, tamén xogan un papel importante as propias normas de convivencia e a orientación que se lles outorgue respecto de boa parte destes elementos transversais citados, xa que poden contribuír marcadamente a crear un ambiente propicio para a implementación dos mesmos.

Finalmente, debemos ter claras as vantaxes e beneficios de aplicación destes contidos transversais:

- A transversalidade é compatible co enfoque competencial, os cambios metodolóxicos (TIC, traballo cooperativo, traballo por proxectos, flexibilización, agrupamentos flexibles) e organizativos.

- Tratan temáticas sociais relevantes, que se recollen de forma fragmentada no currículo.
- Establecen un marco interdisciplinar para a transmisión de valores relacionados cunha convivencia pacífica e inclusiva asociados a outros saberes técnicos.
- Permiten interrelacionar o sector educativo cos ámbitos familiar e social.
- Desenvolven a capacidade adaptativa, o traballo en equipo, a toma de decisións e a competencia de aprender a aprender.
- Constrúen dinámicas de colaboración máis estreitas.
- Buscan o mellor clima de relación e comunicación.
- Fomentan a participación, a iniciativa e a autoavaliación por parte do alumnado.

#### **4.d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

##### REFLEXIÓN SOBRE OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS.

Consideramos oportuna a súa agrupación en dous bloques dependendo do elemento "protagonista" no proceso de aprendizaxe:

Primeiro bloque: elemento protagonista "o profesorado"

- \* Interdisciplinaridade.
- \* Atención á diversidade.

Segundo bloque: elemento protagonista "o alumnado"

- \* Construtivismo.
- \* Aprendizaxe significativa.
- \* Funcionalidade.
- \* Aprender a aprender.

##### PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

###### PRIMEIRO BLOQUE

- Interdisciplinaridade

Nun primeiro momento, presupón a relación interna dos contidos dentro da mesma área; nun segundo momento, a interrelación entre os contidos das diferentes áreas, na medida do posible.

- Atención á diversidade

Partindo da pluralidade de cada grupo establecer obxectivos seguindo o punto de partida e o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.

###### SEGUNDO BLOQUE

- Construtivismo

Aprendizaxe na que o alumnado é o protagonista e o profesorado só guía para conquistas



significativas:

relacións entre coñecementos e experiencias previas e novos contidos;

reflexións persoais e elaboracións de conclusións que impliquen avance nas ideas previas.

- Aprendizaxe significativa

Aquel que parte duns coñecementos previos e presenta as seguintes características: ten interese; é útil, sobre todo no seu entorno; ten aplicación noutras situacións distintas ás que se dan durante o aprendizaxe.

- Funcionalidade

Entendemos por aprendizaxe funcional non só a aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén o desenvolvemento das habilidades e estratexias relacionadas co "aprender a aprender".

- Aprender a aprender

Desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación e regulación do aprendizaxe de maneira que permitan a súa aplicación a diferentes ámbitos e contextos.

#### **4.e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O centro forma parte do Proxecto E-Dixgal nas catro cursos da ESO, contando por defecto cos libros de texto dixitais para todas as materias destes cursos, agás en Física e Química, que non conta con estes recursos por decisión do departamento. Ademais deste recurso que se ofrece no proxecto, calquera materia pode optar por implementar outros recursos e materiais didácticos que sexan do seu interese. No caso do Bacharelato, os libros de texto escollidos nalgunhas das materias da etapa recóllense no documento ao efecto dispoñible na páxina web do noso centro e que se comunica ás familias.

O centro conta cunha boa dotación informática e tecnolóxica: ademais do equipamento individual referido ao mencionado proxecto, existen tres aulas de informática e a inmensa maioría das aulas están dotadas con ordenadores, proxectores e pizarras dixitais. Isto supón contar co medio perfecto para a aplicación didáctica de contidos en formato dixital. Igualmente, representa unha situación facilitadora para a creación de novos contidos por parte do profesorado, o que supón unha mellor adaptación á realidade do noso alumnado, ás súas necesidades e características e supón unha maior garantía de cumprimento dos obxectivos propostos e do desenvolvemento competencial do alumnado, ao tempo que estes recursos didácticos poden manter unha maior congruencia cos principios metodolóxicos recollidos nesta concreción curricular.

En calquera caso, os seguintes criterios deben servir de referencia á hora de seleccionar e utilizar distintos materiais e recursos didácticos:

- Contribúen claramente á consecución dos obxectivos do currículo das materias e ao desenvolvemento das competencias clave.
- Neles intégranse elementos transversais que forman parte do recollido nesta concreción curricular.
- Son recursos que parten dos coñecementos previos do alumnado.
- Son recursos aptos para o desenvolvemento de actividades de reforzo e/ou ampliación.
- Permiten a atención á diversidade.
- A información que conteñen é exacta, actual e rigorosa.
- A información e os conceptos explícanse con claridade adaptada ás necesidades da situación de ensinanza- aprendizaxe.
- Facilitan a memorización comprensiva, organizando a información de xeito que se destacan as ideas principais sobre as secundarias.
- Conteñen distintas formas de presentar a información mediante gráficos, táboas, mapas conceptuais, ...
- Permiten a utilización de recursos dixitais e/ou equipamentos informáticos.

#### **4.f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.**

Debemos considerar que, segundo a lexislación vixente, os centros docentes dispoñen de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión, no marco da lexislación vixente, o que posibilita a toma de decisións propia respecto á oferta educativa dos centros. Así, no noso centro ofertaranse materias que se agruparán e disporán en itinerarios cando sexa preciso e posible, para que a oferta sexa o máis flexible posible e a elección do alumnado teña unha lóxica académica definida. Os criterios pedagóxicos para a elección da oferta priman sobre calquera outra cuestión que se puidera considerar. Polo demais, os recursos humanos dispoñibles para poder impartir as materias que se ofertan, así como as limitacións referidas ao mínimo de alumnos e alumnas matriculados nunha materia optativa para poder ser impartida, marcan a solución definitiva que se adopte respecto a este apartado da concreción curricular.

OFERTA EDUCATIVA DA ESO: recollida nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, nos cursos que sexa preciso (especialmente en 4º), agruparanse as materias optativas de forma que se poida orientar ao

alumnado tanto para os estudos postobrigatorios como para a incorporación á vida laboral.

- 1º da ESO: as dúas horas de libre disposición de centro distribúense entre unha hora de reforzo de Inglés, oportuno debido ás dificultades académicas que se atopan entre unha parte do noso alumnado ao comezo desta etapa, e outra hora de reforzo de Lingua Castelá, co que se reforza, con estas decisións, o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

- 2º da ESO: pola mesma razón, as dúas horas de libre disposición corresponden a unha hora de reforzo de Lingua e Literatura Galega e outra de reforzo neste último caso, ao considerar que non existe agrupamento flexible para esta materia neste curso, como si sucede en 1º da ESO.

- 3º da ESO: ofértanse as materias de Cultura Clásica, 2ª Lingua Estranxeira-Francés, Educación Dixital, e Oratoria, sendo impartidas Educación Dixital e Francés.

- 4º da ESO: neste curso ofértanse dous itinerarios ao alumnado dentro das materias opcionais, congruentes coas eleccións que poden facer no noso centro para a etapa do Bacharelato: por un lado deberán escoller unha materia entre Bioloxía e Xeoloxía e Economía, e unha segunda será seleccionada entre Física e Química e Latín. As outras dúas materias deberán seleccionarse, numerándoas por orde de preferencia, entre o resto da oferta do centro para estas materias: Dixitalización, Expresión Artística, Filosofía, Formación e Orientación Persoal e Profesional, Música, Tecnoloxía, Francés.

OFERTA EDUCATIVA DE BACHARELATO: impártense as seguintes modalidades: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.

A oferta de materias desta etapa recóllese nos artigos 10 e 11 do Decreto 157/2022. Coa finalidade de orientar a elección das alumnas e dos alumnos, establecemos agrupacións en itinerarios das materias específicas da modalidade elixida, orientados aos diversos campos das ensinanzas superiores.

1º de Bac: ofértanse as seguintes materias de modalidade:

a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía

- Física e Química Escollerase unha materia entre:
- Bioloxía, Xeoloxía e CC. Ambientais
- Debuxo Técnico I
- Tecnoloxía e Enxeñería I

b) Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais Escollerase unha entre:

- Economía

- Grego I Escollerase unha entre:
- Historia do Mundo Contemporáneo
- Literatura Universal

Como materias optativas ofértanse as seguintes materias, debendo seleccionar unha delas:

- Cultura Científica
- 2ª Lingua Estranxeira I, Francés
- Antropoloxía
- Linguaxe e Práctica Musical
- Materia de modalidade non seleccionada, sempre que sexa posible impartila como materia

optativa

2º de Bac: ofértanse as seguintes materias de modalidade:

a) Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía Escollerase unha materia entre:

- Bioloxía
- Física

Outra materia entre:

- Debuxo Técnico II
- Química
- Tecnoloxía e Enxeñería II
- Xeoloxía e Ciencias Ambientais

b) Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais Seleccionase unha materia entre:

- Empresa e Modelos de Negocio
- Grego II

Unha segunda materia entre:

- Historia da Arte
- Xeografía

Como materias optativas ofértanse as seguintes materias para seleccionar unha:

- Francés
- Métodos Estatísticos e Numéricos
- Psicoloxía
- Materia de modalidade non seleccionada, sempre que sexa posible impartila como materia

optativa.

Nos dous cursos da etapa, a hora de libre disposición de centro que se recolle na normativa vixente como alternativa á materia de Relixión, será dedicada a reforzar a materia de Inglés, por ser esta a materia na que o alumnado, por distintas razóns, acada un menor éxito académico.

#### **4.g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias.**

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan (visitas, charlas, viaxes de estudo, conmemoracións, ...). Como se sinalaba no apartado de "contribución á adquisición das competencias clave" desta concreción curricular, entendémolas tamén como ferramentas indispensables para acadar un maior desenvolvemento das mesmas no noso alumnado. Tamén as consideramos, en boa parte dos casos polas súas características, un inmejorable medio de posibilitar unha interacción entre o alumnado diferente á que se desenvolve habitualmente nas aulas ou noutros espazos e tempos da xornada escolar, converténdose en ferramentas moi valiosas para promover un clima de convivencia que permita o desenvolvemento integral do noso alumnado.

Tendo en conta estas cuestións, ademais das necesidades estritamente académicas en cada materia, ao comezo do curso serán os departamentos, o equipo da biblioteca e o EDL os que farán unha planificación das mesmas, que se incluírá na Programación Xeral do centro, engadindo outras que se estimen oportunas e sexan xustificadas durante o desenvolvemento do curso escolar.

**En calquera caso, a selección, planificación e desenvolvemento deste tipo de actividades deberían, na medida do posible, situarse dentro do marco de referencia da nosa comarca,** caracterizada por uns rasgos e valores socioculturais específicos que ofrecen unha identidade particular, e que tamén nos definen como o centro rural que somos. Son varios os exemplos actuais que manteñen esta liña de actuación: o traballo desenvolto sobre o tramo comarcal da Vía Romana XIX, a participación con traballos interdisciplinares nas convocatorias anuais do Congreso Científico da Montaña, o desenvolvemento do Programa Xogade con outros centros e alumnado da comarca, parte importante do traballo do EDL orientado a distintos aspectos da cultura comarcal, incluíndo o premio anual, actividades desenvoltas desde a Biblioteca do centro, ben de forma propia ou integradas en proxectos máis transversais, así como outras actividades que, curso a curso, se van desenvolvendo tendo como referencia ou escenario a nosa contorna. Traballar neste capítulo da labor docente mantendo esta orientación facilitará

transmitir ao alumnado o valor real e de conxunto do seu medio, contribuíndo a crear unha identidade definida que estea baseada nun coñecemento amplo e fondo da nosa contorna.

#### **4. h) Criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.**

O plan de reforzo, destinado ao alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores, ten como obxectivo fundamental garantir a continuidade do seu proceso de ensino-aprendizaxe e o desenvolvemento das competencias clave.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

#### **4.i) Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou**

## **personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.**

A normativa educativa actual considera a permanencia no mesmo curso dun alumno/a unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio destinadas a solucionar as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna.

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades deste alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Permanecer un ano máis no mesmo curso pode provocar sentimentos de fracaso no alumno ou alumna polo que, ademais do programa de titoría dirixido a todo o grupo, convirá desenvolver iniciativas específicas para compensar e axudar a reelaborar estes sentimentos. Establecer un vínculo afectivo positivo co alumno ou alumna vai ser un paso decisivo para facilitar o éxito plan de reforzo. A titoría individualizada é unha estratexia moi útil para conseguir:

- Axudar ao alumno ou alumna a reelaborar ese posible sentimento de fracaso, evidenciando a oportunidade que ten de mellorar as súas aprendizaxes.
- Garantir a súa integración social no novo grupo.
- Axudarlle a entender o plan de recuperación que se lle propón e conseguir o seu compromiso con el (mesmo a través de "contratos educativos" a curto prazo, ...).

#### **4.j) Os criterios xerais para a avaliación, a promoción e a titulación.**

A avaliación ten como finalidade proporcionar información sobre o desenvolvemento do proceso de ensinoaprendizaxe, e mediante esa información, tratarase de detectar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa. Na etapa secundaria, esta será continua, formativa e integradora.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos currículos das distintas materias.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adóptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.

A avaliación terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia, tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nas programacións correspondentes.

Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación do alumnado con adaptacións curriculares realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirilles a



promoción ou titulación.

#### PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

**PROMOCIÓN:** na sesión de avaliación final, o equipo de profesores e profesoras que imparten docencia en cada grupo, decidirá sobre a promoción do alumnado.

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores, se fora o caso.

Ademais de nestes casos, poderá decidirse a promoción dun alumno ou unha alumna cando se dean todas as seguintes condicións:

a) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte.

b) Que ten expectativas favorables de recuperación.

c) Que a promoción beneficiará a súa evolución académica.

Co obxecto de fomentar a coherencia na toma de decisións, os distintos equipos docentes observarán, con respecto á promoción excepcional, os seguintes criterios particulares que facilitan a realización dunha análise da situación de cada alumno/a dando un trato individualizado en función das circunstancias persoais:

Non ter incorrido en abandono dalgunha materia: non traer o material necesario para o desenvolvemento das actividades de clase; negarse a facer as tarefas de clase e non participar habitualmente nas actividades propostas; presentación de exames en branco ou cun contido tan escaso que faga supoñer a non preparación da proba. No caso de abandono de materia, o profesorado deberá comunicar ás familias ao longo do curso (empregando o modelo dispoñible na xefatura de estudos) as circunstancias que están levando ao alumno/a a incorrer na consideración de abandono, co obxecto de corrixir esa actitude.

Para estimar a madurez do alumnado e as súas posibilidades de recuperación e de evolución académica nos cursos posteriores, o equipo docente terá en conta os seguintes aspectos:

- o Esfuerzo, interese e atención demostrados.
- o Evolución e superación ao longo do curso.

En concreto:

- Constancia e dedicación ao estudo.
- Asistencia regular a clase e aproveitamento desta.
- Capacidade de traballo en grupo.
- Puntualidade na entrega dos traballos e correcta presentación dos mesmos.

- Presentación e utilización axeitada do material de traballo.
- Esfuerzo para superar as dificultades.
- Actitude solidaria, tolerante e de respecto cara ós demais.

A decisión de promoción nos casos de carácter excepcional corresponde ao equipo educativo do alumno/a por consenso. Se non o houberse, procederíase a votar, precisándose a maioría simple dos seus membros. Os membros do equipo docente do alumno/a non poderán absterse na votación. Aqueles profesores/as que participen na xunta de avaliación pero non impartan docencia na súa materia ao alumno/a obxecto da decisión, non participarán na votación.

O alumnado que promocioe sen ter superadas todas as materias seguirá un programa de reforzo educativo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. En consecuencia, a superación dunha materia dun curso determinado non implica a superación automática da mesma materia de cursos anteriores precisando a avaliación positiva do programa de recuperación. Esta circunstancia terase en conta aos efectos de promoción previstos neste apartado.

**TITULACIÓN:** obterán o título de graduado en ensino secundario os alumnos/as que obtivesen avaliación positiva en todas as materias.

Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno con materias non superadas, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Co obxecto de fomentar a coherencia na toma de decisións, os distintos equipos docentes observarán, con respecto á titulación excepcional con materias suspensas, os seguintes criterios particulares que faciliten a realización dunha análise da situación de cada alumno/a ao respecto da adquisición das competencias da etapa e do logro dos obxectivos da mesma:

Non ter incorrido en abandono dalgunha materia: non traer o material necesario para o desenvolvemento das actividades de clase; negarse a facer as tarefas de clase e non participar habitualmente nas actividades propostas; presentación de exames en branco ou cun contido tan escaso que faga supoñer a non preparación da proba. No caso de abandono de materia, o profesorado deberá comunicar ás familias ao longo do curso (empregando o modelo dispoñible

na xefatura de estudos) as circunstancias que están levando ao alumno/a a incorrer na consideración de abandono, co obxecto de corrixir esa actitude.

Para estimar a madurez do alumnado e os logros no que respecta ás competencias e obxectivos da etapa secundaria, o equipo docente terá en conta os seguintes aspectos:

- o Esfuerzo, interese e atención demostrados.
- o Evolución e superación ao longo do curso.

En concreto:

- Constancia e dedicación ao estudo.
- Asistencia regular a clase e aproveitamento desta.
- Capacidade de traballo en grupo.
- Puntualidade na entrega dos traballos e correcta presentación dos mesmos.
- Presentación e utilización axeitada do material de traballo.
- Esfuerzo para superar as dificultades.
- Actitude solidaria, tolerante e de respecto cara ós demais.

A decisión de titulación nos casos de carácter excepcional corresponde ao equipo educativo do alumno/a por consenso. Se non o houberse, procederíase a votar, precisándose a maioría simple dos seus membros. Os membros do equipo docente do alumno/a non poderán absterse na votación. Aqueles profesores/as que participen na xunta de avaliación pero non impartan docencia na súa materia ao alumno/a obxecto da decisión, non participarán na votación.

#### PROMOCIÓN E TITULACIÓN NO BACHARELATO.

**PROMOCIÓN:** ao finalizar o primeiro curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, o alumnado conseguirá a promoción ao 2ª curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias, como máximo. O alumnado que promocióne a segundo curso deberá matricularse das materias pendentes e cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de recuperación e seguimento deste proceso, sendo o centro educativo o responsable de fixar a data para a avaliación final das pendentes do primeiro curso.

Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque. O prazo máximo para cursar o bacharelato en réxime ordinario é de catro cursos.

O alumnado que, ao finalizar o segundo curso, teña avaliación negativa nalgúnhas materias,

poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias cursadas, ou optar por repetir o curso completo, en cuxo caso non se manteñen as cualificacións das materias superadas previamente.

**TITULACIÓN:** para obter o título de bacharel será necesario obter avaliación positiva en todas as materias desta etapa.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos propios desta etapa.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia non superada, e non incorreu en abandono da materia: non traer o material necesario para o desenvolvemento das actividades de clase; negarse a facer as tarefas de clase e non participar nas actividades propostas; presentación de exames en branco ou cun contido tan escaso que faga supoñer a non preparación da proba. No caso de abandono de materia, o profesorado deberá comunicar ás familias ao longo do curso (empregando o modelo dispoñible na xefatura de estudos) as circunstancias que están levando ao alumno/a a incorrer na consideración de abandono, co obxecto de corrixir esa actitude.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

#### **4.k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.**

**MATRÍCULA DE HONRA NA ESO:** logo da avaliación final do cuarto curso, o alumnado que obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra.

A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no cuarto curso. En todo caso, cando o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación

secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

En caso de que varios alumnos/as cumpran este requisito, outorgaráselle esta matrícula de honra ao alumno/a con mellor nota media nesta etapa. De haber igualdade nesta cualificación, dita mención sería concedida ao alumno/a con mellor nota media do cuarto curso da ESO.

**MATRÍCULA DE HONRA NO BACHARELATO:** os alumnos e alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnos/as non superior ao 5% do total de alumnado deste curso. En todo caso, cando o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

En caso de que varios alumnos/as cumpran este requisito, outorgaráselle esta matrícula de honra ao alumno/a con mellor nota media nesta etapa. De haber igualdade nesta cualificación, dita mención sería concedida ao alumno/a con mellor nota media do segundo curso.

#### **4.1) Decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.**

O desenvolvemento do currículo realízase mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias das etapas seguindo as decisións e criterios xerais establecidas nesta concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos. Estarán dispoñibles na aula virtual do noso centro para a súa consulta por parte do alumnado e das súas familias.

Para a elaboración e o seguimento que faga o profesorado de cada materia das ditas programacións utilizarase a aplicación informática de programacións "Proens", que tamén será utilizada para a entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento, de ser o caso, así como por parte da dirección do centro e da Inspección educativa.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

A normativa educativa actual establece que as programacións didácticas contarán, como mínimo, cos seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.

- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

- No caso específico do Bacharelato, incluírase tamén o procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversais.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

A aplicación informática "Proens" conta cun subapartado específico que recolle o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora das programacións. O obxectivo deste apartado é planificar a forma de realizar o seguimento do cumprimento da programación, así como a avaliación da mesma e as propostas de mellora de cara ao curso seguinte. Para iso introducirase na aplicación unha descrición dese procedemento a través texto libre. Tendo isto en conta, e en función do aprobado no seu día pola CCP do centro, recolleamos aquí os indicadores referidos a distintos apartados básicos das programacións, que ao posibilitar un procedemento de análise común a todos os departamentos, asegura un proceso global semellante ao que se establece para a avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente, garantindo así a relación lóxica que debe darse entre dous procedementos avaliativos que se complementan:

- Grao de desenvolvemento da programación didáctica.

- Selección de obxectivos e contidos en función dos grupos.
- Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación recollidos na programación ao longo do curso.
- Aplicación de criterios de avaliación que permitan avaliar contidos de distinta natureza (conceptuais, procedimentais, actitudinais).
- Adopción de estratexias metodolóxicas diversas para atender á diversidade do alumnado.
- Utilización de medios audiovisuais e informáticos.

#### **4.m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.**

A participación nos distintos proxectos, plans e programas que oferta, especialmente, a administración educativa, debe atender a unha intencionalidade de favorecer un desenvolvemento curricular e competencial significativo para o alumnado. No que respecta ao profesorado, son de especial interese aqueles proxectos xerais que supoñan unha formación continuada adaptada ás necesidades particulares que presenta o centro e ás experiencias previas dos docentes, tendo en conta para isto o sinalado no apartado relativo ás actividades complementarias, no que se reflicte a necesidade de enmarcar as nosas actuacións nestes casos dentro da realidade sociocultural da nosa comarca, como parte integrante da mesma.

Actualmente, o centro participa e/ou desenvolve os seguintes plans e proxectos convocados pola administración educativa:

- Proxecto Edixgal en toda a etapa secundaria desde a primeira convocatoria realizada pola administración, tanto para o seu inicio en 1º e 2º como para a posterior ampliación a 3º e 4º.
- Plambe: desde o curso 2009-10. Desde a biblioteca tamén se desenvolven proxectos internos para o noso centro como a "Hora de Ler"
- Clubs de Lectura: desde o curso 2008-9.
- Plan Proxecta: participación no proxecto "Parlamento Xoven" desde a súa primeira convocatoria.
- Programa de Seccións Bilingües: en todos os cursos da ESO na materia de Educación Física, desde o curso 2007-08.
- PFPP: Plan Dixital.
- Programa Xogade: no que se desenvolven tres xornadas anuais, unha pro trimestres, cos centros educativos da Comarca da Montaña Lucense.

#### **4.n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da**

**concreción curricular.**

Farase un seguimento trimestral da mesma con toda a información de utilidade para este fin que se obteña das xuntas de avaliación, reunións de departamentos, ... así como das propostas específicas que poida trasladar o profesorado cando o estime oportuno, para a súa valoración posterior. Será a CCP quen, a comezo e remate do curso, revisará os distintos apartados que compoñen a Concreción Curricular do centro que sexan susceptibles de ser modificados e será o Claustro quen aprobe, se é o caso, os cambios propostos desde esta comisión.



## 5. - ASPECTOS A AVALIAR POLO CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR.

### 5.1. - CLAUSTRO DE PROFESORES

#### *Concreción do currículo.*

Unha vez realizada a avaliación final (mes de xuño), os departamentos redactarán unha memoria en función do contido das actas das xuntanzas realizadas durante o curso e dos resultados da avaliación. Esta memoria recollerá ó menos os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ó principio.
- Motivo/os das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos, comparándoos cos de anos anteriores.
- Proposta para a revisión da programación didáctica para o curso seguinte.
- Proposta para a revisión da concreción curricular

Na proposta para a revisión da concreción curricular, terase en conta:

- A súa coherencia co resto do proxecto educativo.
- A súa adaptación ás características do alumnado.
- A adecuación dos obxectivos programados ás características do contorno.
- A distribución equilibrada e apropiada dos contidos.
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares utilizados.
- A validez dos criterios de avaliación e promoción establecidos.
- As actividades de orientación educativa e profesional.
- A efectividade dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
- A validez dos criterios aplicados nas adaptacións curriculares.

As memorias serán presentadas polos xefes de departamento nunha xuntanza da Comisión de Coordinación Pedagóxica que se celebrará a finais de xuño. A CCP fará unha proposta de modificación da concreción curricular, se é o caso, en función da análise de tódalas memorias. Esta proposta de modificación será analizada polo claustro de profesores nos primeiros días de setembro, quen procederá a aprobar as modificacións propostas.

As modificacións aprobadas entrarán en vigor ao comenzo das actividades lectivas.

#### *Proceso de ensino e práctica docente*

O plan de avaliación será o seguinte:

En cada sesión de avaliación a xunta de profesores do grupo realizará a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente. O titor levantará acta dos acordos tomados, levándose a cabo ó longo da avaliación seguinte as modificacións acordadas. Esta avaliación incluírá os seguintes

aspectos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación didáctica e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da educación secundaria obrigatoria co equipo de mestres e mestras da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.

Os resultados desta avaliación serán analizados na comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán decisións que fosen consideradas pertinentes.

O remate do curso (mes de xuño) o claustro fará unha avaliación xeral do proceso de ensino e da práctica docente tomando como referencia a análise previa feita pola CCP e tendo en conta como mínimo os seguintes aspectos:

- A organización e aproveitamento dos recursos do centro.
- A atención á diversidade dos alumnos.
- O carácter das relacións entre os profesores, entre os alumnos e entre o profesorado e o alumnado, así como cos pais dos alumnos.
- A coordinación entre os órganos responsables da planificación e desenvolvemento da práctica docente: equipo directivo, claustro, comisión de coordinación pedagóxica, departamentos, titores, etc.

### ***Programación xeral***

A avaliación e o grao de cumprimento da programación xeral do curso, farase nunha xuntanza do claustro a finais do mes de xuño. As conclusións serán recollidas polo equipo directivo nunha memoria e enviadas a Inspección Educativa antes do 10 de xullo.

A C.C.P. á vista da memoria, deberá establecer durante o mes de setembro, e antes do inicio das actividades lectivas, un calendario de actuacións para as modificacións derivadas da avaliación da programación xeral.

### ***Rendemento escolar do instituto***

Avaliarase tamén a finais do mes de xuño, en función dos resultados da avaliación final.

## 5.2. - CONSELLO ESCOLAR

### *Proxecto educativo de centro*

As propostas de modificación poderán ser feitas por calquera dos sectores con representación no consello escolar.

Presentaranse por escrito no consello a través dos representantes, ao comezo do mes de maio. Unha vez coñecidas as propostas, os membros do consello escolar estudaranas durante un mes, para ó principio do mes de xuño avaliar as posibles modificacións que procedan. As modificacións aprobadas (pola dirección do centro) entrarán en vigor no seguinte curso.

### *Programación xeral*

A avaliación e o grao de cumprimento da programación xeral, faraa o consello escolar do mesmo xeito que está especificado no punto anterior, para o claustro de profesores.

### *Rendemento escolar do instituto*

Faraa o consello escolar do mesmo xeito que está especificado no punto anterior, para o claustro de profesores.

### *Proxecto de orzamento*

Analizarase a desviación, por partidas, entre as cantidades orzadas e as realmente executadas. Farase a finais do mes de xuño.

### *Eficacia na xestión dos recursos*

Avaliarase a finais do mes de xuño.

## 6. LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade son actuacións e programas de tipo organizativo ou curricular que se poden levar a cabo no proceso de planificación ou no desenvolvemento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe para atender ás necesidades educativas concretas do alumnado e contribuir á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria. As ditas medidas deben abarcar desde a prevención ata a intervención directa co alumnado. Unha vez que se detecten dificultades de aprendizaxe, o centro porá en marcha as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do alumnado. As medidas que o centro, no exercicio da súa autonomía, pon en marcha son:

**MEDIDAS PREVENTIVAS:**

- a) Plan de acollida: tanto para o alumnado que chega de novo ao noso centro procedente dos CEIPs e CPIs da zona, como para o alumnado estranxeiro que se incorpora en calquera momento do curso.
- b) Acción tutorial: recollido no plan de acción tutorial.
- c) Optatividade: o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria determina que xunto coas materias comúns que deberá cursar todo o alumnado haberá outras optativas que teñen por finalidade responder aos distintos intereses, motivacións e necesidades do alumnado, ampliar a súa orientación, facilitar a transición á vida activa e contribuir ao desenvolvemento das súas capacidades.
- d) Avaliación inicial: para levar a cabo unha prevención e intervención dos problemas de aprendizaxe do alumnado na ESO, ao inicio do curso o profesorado efectuará unha avaliación inicial dos alumnos permitíndolle coñecer o grao de desenvolvemento alcanzado nos aspectos básicos da aprendizaxe e de dominio dos contidos das distintas áreas.
- e) Integración do alumno/a: o departamento de orientación facilitará ao profesorado (titores especialmente) a información que sexa precisa dos informes psicopedagóxicos dos alumnos/as.

**MEDIDAS ORDINARIAS, A APLICAR UNHA VEZ DETECTADAS E IDENTIFICADAS AS DIFICULTADES**

**1.Reforzos educativos:** é unha medida ordinaria de atención á diversidade que non afecta a elementos prescritivos do currículo; ou sexa, máis ben trátase de aspectos metodolóxicos, como poden ser a secuenciación e organización de contidos, formas e instrumentos de avaliación, agrupamento do alumnado, organización da aula, etc... Co RE trátase de favorecer o proceso de aprendizaxe do alumnado que teña dificultades para seguir o desenvolvemento curricular con normalidade. Esta medida é planificada e implementada polo profesorado das respectivas materias.

A circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado da ESO, establece a posibilidade das seguintes medidas:

**A- Programas para o alumnado de 1º e 2º curso da ESO, con atribución horaria:**

**A1/ Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas con atribución horaria** (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas) para os seguintes alumnos/as:

- O alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal.
- O alumnado que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas

instrumentais.

- O alumnado que repita 1º ou 2º curso.

O alumnado que curse o programa de reforzo quedará exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Os programas de reforzo estarán baseados nos mínimos esixibles das áreas para o curso que corresponda e suporán a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente expresado nos ditos mínimos. Para a avaliación do alumnado os departamentos didácticos establecerán, na súa programación, o procedemento para a cualificación das materias pendentes ou da nota final do curso correspondente.

#### **A2/ Programas de recuperación para os seguintes alumnos:**

- Alumnado que promocionase a 2º curso coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente conte con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo.

As ensinanzas do programa de recuperación das materias pendentes estarán baseadas nos mínimos esixibles do curso correspondente e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado que imparta o dito programa.

O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira.

#### **B-Programas para todo o alumnado da ESO:**

##### **B1/ Programas específicos personalizados:**

O alumnado repetidor da ESO seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no Informe de avaliación final e considerando a información obtida no proceso de avaliación final. Este programa será elaborado polo departamento da área ou materia correspondente e deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente. O alumnado de 1º e 2º da ESO poderá incorporarse a un programa de reforzo das áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras áreas se estes programas forman parte da oferta do centro no curso para a atención á diversidade. Se o alumno asiste ao programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área. Corresponderalle ao profesorado que imparta cada área ou materia facer o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas propostas polo departamento correspondente e comunicarllo ao profesor titor, quen deberá facelo chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.

##### **B2/ Aulas de Atención Educativa e Convivencia:**

O centro poderá establecer aulas de atención educativa e convivencia para a atención á diversidade. A súa finalidade é a atención ao alumnado que, pola súa conduta disruptiva, impida o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Nelas, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na dita aula, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda, non podendo ser derivado sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. O profesorado que remita alumnado a esta aula deberá establecer as tarefas, corrixilas e avalialas.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula de atención educativa e convivencia deberán ser informados, segundo o procedemento que se estableza pola xefatura de estudos, cada vez que os seus fillos ou fillas asistan á referida aula, indicándoselles a incidencia que o motivou.

**2. Os agrupamentos específicos**, que aplicamos nos dous primeiros cursos da ESO e que teñen as seguintes características:

- Tratan de atender a aqueles alumnos que non poden seguir o ritmo da aula debido a retrasos académicos que supoñan carencias básicas que impidan proseguir cunha aprendizaxe significativa.
- A súa finalidade é a consecución “dos obxectivos previstos en relación cos contidos básicos e mínimos programados”.
- Transitoriedade. Os alumnos que formen parte destes grupos poden volver ao seu grupo de orixe cando así o estimen os seus profesores.
- Os ámbitos de aplicación son: Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

**3. Flexibilización da duración do período de escolarización:** a escolarización de alumnos con altas capacidades intelectuais poderá flexibilizarse de tal forma que a duración da escolarización na secundaria obrigatoria sexa menor.

**4. Exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO:** o alumnado do primeiro e segundo curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.

Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

**e) Agrupamentos flexibles:** son medidas de tipo organizativo dirixidas ao alumnado estranxeiro para atender ás seguintes necesidades educativas:

- Grupos de adquisición de linguas, dirixido ao alumnado que descoñeza ás linguas oficiais de Galicia. O alumnado poderá participar destes grupos por un período inicial dun trimestre aínda que a inspección poderá amplialo.
- Grupos de adaptación da competencia curricular: dirixidos ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

**f) Atención educativa hospitalaria e domiciliaria:** cando por prescripción facultativa o alumno/a non poida asistir ao centro educativo por un período superior a un mes, previa solicitude á Xefatura Territorial pola dirección do centro, a instancia dos pais.

#### **MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:**

**a) Adaptacións curriculares:** entendemos por alumnado con necesidades educativas especiais aquel que requira determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de alteracións sensoriais, cognitivas, psíquicas, físicas ou desvantaxe sociocultural. Para atender a este alumnado, na secundaria obrigatoria poderanse realizar adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo. Estas adaptacións curriculares realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno e a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados na adaptación.

#### **b) Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento:**

Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcance as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Poderá incorporarse aos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento o alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e que se atope nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado segundo curso de educación secundaria obrigatoria, ter repetido algunha vez en

calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.

b) Con carácter excepcional, para o alumnado que ten cursado terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e non está en condicións de ter promoción ao cuarto curso.

O currículo dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento incluírá os seguintes ámbitos:

a) Ámbito lingüístico e social, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia.

b) Ámbito científico e matemático, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente ás materias de Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía, e Física e Química.

c) Ámbito de linguas estranxeiras, que abrangue os aspectos básicos do currículo correspondente á materia de Primeira Lingua Estranxeira.

Os alumnos/as que sigan un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento terán un grupo ordinario de referencia co que cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

O programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.



## 7 - ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO

### 7.1 – HORARIO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:10 10:00	BAC	BAC	BAC	BAC	BAC
10:00 10:50	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC
10:50 11:40	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC
12:00 12:50	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC
12:50 13:40	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC
13:40 14:30	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	ESO+BAC	BAC
XANTAR 14:30/15:40					ESO: XANTAR 13:40/14:20
15:40 16:30	ESO+BAC	ESO	ESO	ESO	
16:30 17:20	ESO+BAC			ESO	
17:30 18:20	ESO+BAC			ESO	

O centro permanecerá pechado durante o tempo da comida. Ao remate da xornada, procederase ao peche das instalacións e accesos ao centro para garantir unha maior seguridade.

#### *Non lectivo*

Dende o remate das actividades lectivas e segundo o explicitado anteriormente, o centro só permanecerá aberto o tempo que sexa necesario para a realización de actividades extraescolares e outras actividades docentes (exames, por exemplo).

#### *Criterios para a confección do horario de alumnado e profesorado.*

Adaptarensen ao especificado na lexislación vixente.

### 7.2 - ELEMENTOS MATERIAIS

#### 7.2.1 - DEPENDENCIAS DO EDIFICIO

O centro dispón de dous edificios coñecidos comúnmente entre a comunidade escolar como edificio “novo” e edificio “vello”

A organización das dependencias será responsabilidade do xefe de estudos en colaboración

co secretario. Son as seguintes:

**No edificio 1 (novo):**

- 3 aulas grandes.
- 4 aulas pequenas.
- 1 aula de apoio.
- 1 aula de titoría.
- 1 aula para alumnos.
- 1 aula de inglés.
- 1 aula de francés.
- 1 taller de tecnoloxía.
- 1 aula de plástica.
- 1 aula de música.
- 1 aula de informática para 1º-2º-3º de ESO
- 1 aula de audiovisuais.
- 1 aula de mecanografía.
- 3 aulas grandes para prácticas de electricidade.
- 1 ximnasio.
- 1 salón de actos.
- 1 sala de profesores.
- Despachos: dirección, xefatura de estudos, secretario, orientación.
- Secretaría.
- Conserxería.
- 4 despachos para departamentos

**No edificio 2 (vello):**

- 8 aulas grandes.
- 2 aulas pequenas.
- 1 aula latín/grego.
- 1 aula de informática para 4º ESO e BAC.
- 1 aula pizarra dixital.
- 1 laboratorio de física.
- 1 laboratorio de química.
- 1 laboratorio de ciencias.
- 1 aula pequena para laboratorio-departamento de bioloxía e xeoloxía.
- 1 biblioteca.
- 1 sala de profesores.
- 6 despachos para departamentos.
- 1 local arquivo DOG-BOE.
- 1 local para botiquín médico.
- 1 local para cafetería.
- 1 cociña.

- 1 comedor alumnos ESO.
- 5 pequenos locais para almacén.

Externo a estes dous edificios (construído con posterioridade), súmase un ximnasio situado no extremo do espazo entre os dous edificios.

No anexo I recóllense os planos dos dous edificios con indicación dos espazos indicados.

### 7.2.2 - MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO

Cos investimentos feitos nos últimos anos, así como a incorporación do centro ao Proxecto E-Dixgal desde o curso 2017/18 (previa participación no Proxecto Abalar desde o curso 2012 – 13), a ampliación do mesemo a toda a etapa secundaria desde o curso 21-22, e coa inclusión no Proxecto “Aulas Dixitais” (curso 2015-16), consideramos que o centro conta cun bo equipamento tecnolóxico e informático, susceptible de mellora conforme vai transcurrido o tempo e xurdindo innovacións técnicas. Actualmente, todas as aulas de referencia, de agrupamentos, de desdobres, de linguas estranxeiras e audiovisuais contan con proxector e ordenador de aula e case todas elas, con pizarra dixital.

A organización do mobiliario e material didáctico será responsabilidade do secretario/a.

### 7.3 - ELEMENTOS PERSOAIS

Os dereitos, obrigas, competencias, réxime de funcionamento e funcións de todos os estamentos da nosa comunidade educativa están recollidos no Plan de Convivencia do centro.

7.3.1 – ALUMNADO

CURSO	2012-2013 ALUMN@S 125	2013-2014 ALUMN@S 126	2014-2015 ALUMN@S 131	2015-2016 ALUMN@S 124	2016-2017 ALUMN@S 123	2017-2018 ALUMN@S 113	2018-2019 ALUMN@S 114	2019-2020 ALUMN@S 109	2020-2021 ALUMN@S 114	2021-2022 ALUMN@S 123	2022-23 ALUMN@S 126
1º ESO	29	32	19	19	15	19	22	16	14	23	24
2º ESO	21	20	32	17	18	19	26	18	18	18	20
3º ESO	18	23 +DC	1	25	20	16	14	27	17	14	15
4º ESO	14	16 +DC	15	21 +DC	22	17	15	11	25	22	14
1º BAC	22	23	16	24	23	21	20	22	20	29	27
2º BAC	25	20	20	17	25	21	17	15	20	17	26
PCPI	2	4									

O encargado de velar polos dereitos e deberes dos alumnos/as será o titor en colaboración co xefe/a de estudos, aparte de cada profesor/a nas súas respectivas clases, o profesor/a de garda nos pasillos e o profesorado correspondente nos períodos de lecer en que o alumnado se atope no recinto escolar.

7.3.2 – EVOLUCIÓN DA PLANTILLA DE PROFESORADO.

CURSO 2005-06				CURSO 2006-07			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
38	3	2	43	37	3	2	42

CURSO 2007-08				CURSO 2008-2009			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
37	4	1	42	35	4	1	40

CURSO 2009-2010				CURSO 2010-2011			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
34	4	2	38	33	1	1	34

CURSO 2011-2012				CURSO 2012-2013			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
34	2	1	36	28	1	1	28

CURSO 2013-2014				CURSO 2014-2015			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
27	1	1	28	28	0	1	28
CURSO 2015-2016				CURSO 2016-2017			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
23	1	1	24	23	1	1	24
CURSO 2017-2018				CURSO 2018-19			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
23	1	1	24	22	2	1	24
CURSO 2019-20				CURSO 2020-21			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
22	2	1	24	22	2	1	24
CURSO 2021-22				CURSO 2022-23			
DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL	DESTINO DEFINITIVO	DESTINO PROVISIONAL	COMPARTEN CENTRO	TOTAL
21	3	1	24	21	3	1	24

### 7.3.3 - PERSOAL NON DOCENTE

- 2 conserxes.
  - 1 auxiliar administrativo.
  - 3 limpadoras.
- O encargado da súa organización será o secretario.

### 7.3.4 - EQUIPO DIRECTIVO

Composto por:

- Director.
- Vicedirectora.
- Xefe de Estudos.
- Secretario.

### 7.3.5 - CONSELLO ESCOLAR

Composto, por:

- O Director, que será o Presidente.
- Un representante do Concello.
- 2 profesores (un deles, actúa como secretario/a).
- 1 representantes dos pais/nais ou titores/as.
- 1 representante do alumnado.

### 7.3.6 - XUNTA DE DELEGADOS

Composta polos delegados/as e subdelegados/as de todos os grupos do centro, e os representantes do alumnado no Consello Escolar.

### 7.3.7. - A.N.P.A.

Constituída no curso 2021-22.

### 7.3.8 - ASOCIACIÓN DE ALUMNOS/AS

Non está constituída. No caso de constituírse, será de acordo coa lexislación vixente.

### 7.3.9 - ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

#### *Departamento de orientación*

Formarán parte:

- Xefe/a do departamento.
- Profesor/a de Pedagogía Terapéutica.
- Un titor/a por cada un dos cursos da ESO. Serán propostos pola C.C.P.
- De habelos, xefes/as dos departamentos de orientación dos CEIP adscritos.

***Departamento de actividades complementarias e extraescolares***

Composto por:

- Vicedirector/a que actuará como xefe/a do departamento.
- Profesor/a encargado da biblioteca.
- Profesores/as e alumnos/as responsables de cada unha das actividades.

***Departamentos didácticos***

<b>DEPARTAMENTO</b>	<b>AREAS E MATERIAS ADSCRITAS (segundo a nosa oferta)</b>
ECONOMÍA	Economía. Formación e Orientación Persoal e Profesional. Empresa e Modelos de Negocio.
EDUCACIÓN PLÁSTICA	Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Debuxo Técnico. Expresión artística.
CIENCIAS NATURAIS	Bioloxía, Xeoloxía e CC. Ambientais. Cultura Científica.
ED. FISICA E DEPORT.	Educación Física.
FILOSOFIA	Filosofía. Hª da Filosofía. Proxecto Competencial. Educación en Valores Cívicos e Éticos. Psicoloxía. Antropoloxía.
FISICA E QUIMICA	Física e Química. Física. Química.
FRANCES	2ª Lingua Estranxeira: Francés.
INGLES	1ª Lingua Estranxeira: Inglés.
LATIN E GREGO	Latín. Cultura Clásica. Grego.
LINGUA CASTELA E LITERATURA	Lingua Castelá e Literatura. Literatura Universal. Reforzo en Lingua Castelá e Literatura. Oratoria.
LINGUA GALEGA E LITERATURA	Lingua Galega e Literatura. Reforzo en Lingua Galega e Literatura. Oratoria.
MATEMATICAS	Matemáticas. Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais. Métodos Estatísticos e Numéricos
MUSICA	Música. Linguaxe e Práctica Musical.
RELIXION	Relixión
TECNOLOXIA	Tecnoloxía. Tecnoloxía e Dixitalización. Educación Dixital. Tecnoloxía e Enxeñería.
XEOGRAFIA E HISTORIA	Xeografía e Historia. Hª de España. Hª do Mundo Contemporáneo. Xeografía ou Hª da Arte.

Estarán integrados en cada departamento todos os profesores/as que impartan algunha área ou materia adscrita ao mesmo.

Todos os departamentos farán seguimento da aplicación das concrecións curriculares. O xefe/a

do departamento levantará acta dos acordos tomados.

**Impartición dos programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas)**

**Lingua Galega e castelá:** corresponderalle preferentemente ao profesorado dos departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Francés, Latín e Grego.

**Matemáticas:** corresponderalle, preferentemente, ao profesorado de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

***Comisión de Coordinación Pedagóxica***

Integrada por:

- Director/a, que será o/a Presidente/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Xefes/as de tódos os Departamentos Didácticos.
- Xefe/a do Departamento de Orientación.
- Xefe/a do Departamento de Actividades Extraescolares.
- Coordinador/a do Equipo de Dinamización Lingüística.
- Profesor/a de Pedagogía Terapéutica.
- Coordinador/a de Formación en Centros de Traballo, de ser o caso.

***Equipo de Dinamización Lingüística***

Constituído, como mínimo, por:

- 3 Profesores/as propostos pola C.C.P.
- 3 Alumnos/as propostos pola Xunta de Delegados.
- Un membro do persoal non docente por proposta dos mesmos.

O coordinador/a do equipo será un profesor/a (preferiblemente con destino definitivo) elixido polos membros do grupo.

**7.3.10 - OUTROS ÓRGANOS**

***Comisión Económica***

- Director/a.
- Secretario/a.
- Un profesor/a do Consello Escolar.
- Un alumno/a do Consello Escolar.
- Un pai/nai do Consello Escolar.

***Comisión de Convivencia***

- Director.
- 1 Profesor/a do Consello Escolar.
- 1 Alumno do Consello Escolar.



- Un pai do Consello Escolar.

### *Xunta de Profesores de Grupo*

Constituída por tódolos profesores/as que impartan docencia no grupo. É presidida polo titor/a.

## 7.4.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

### 7.4.1.-BIBLIOTECA ESCOLAR

#### **INSTALACIONES**

Con respecto á sala que alberga á biblioteca, esta ocupa unha superficie total de 88 metros cadrados, dotada de andeis nun dos fondos e no lateral dereito con respecto á entrada, que supoñen unha superficie de 56 metros cadrados hábiles para o almacenaxe de libros. Outro mobiliario e dotación confórmano 3 mesas grandes para o traballo grupal ou individual do alumnado, dúas mesas para estudo/lectura, zona de lectura con tres sofás ademais dos seis ordenadores que supoñen a dotación informática da biblioteca (todos eles con conexión a Internet), o que fai un total dunhas 40 prazas, o que representa unha por cada 3,12 alumnos/as do centro.

#### **FONDO BIBLIOGRÁFICO**

Respecto ao fondo bibliográfico dispoñible agora mesmo na biblioteca, hai que salientar que están fichados máis de 12:000 exemplares, despois do expurgo realizado desde a nosa participación no PLAMBE. Asociado a isto, procedeuse tamén á adecuación íntegra da base de datos antiga ao sistema MEIGA. Todos os volumes que se encontran situados na biblioteca, puntos de lectura dos dous edificios e nas aulas, están debidamente rexistrados. faltando por completar neste proceso as actualizacións de volumes que se atopan nos departamentos.

#### **XESTIÓN**

Con respecto á xestión e organización da biblioteca, hai un profesor/a responsable e coordinadora do equipo da biblioteca (profesorado con algunha hora de dedicación ás tarefas da biblioteca), con horario específico para esta función, tanto durante os tempos de lecer da mañá (de libre acceso á biblioteca para calquera tarefa de consulta de información ou préstamo) como noutras horas repartidas ao longo da semana para completar as tarefas de xestión, organización e coordinación propias da biblioteca (sobre todo, do Proxecto de Biblioteca e do Proxecto Lector). Os préstamos e recollidas de libros realízanse durante os períodos de lecer antes sinalados, tendo cada alumnos/a e cada profesor/a asignado un número de socio que mantén durante a súa permanencia no centro e co que se xestionan os préstamos. A cifra media de libros prestados nestes últimos cursos supera os 400, cantidade netamente superior ao número total de

alumnos/as, e supón que pese ao descenso de alumnado experimentado nos últimos cursos, aumenta a cantidade de préstamos. Ademais, é usada como espazo de traballo noutras horas en distintas materias, sobre todo con grupos reducidos, dadas a dispoñibilidade de información en libros e a través de internet.

Desde a biblioteca planifícase e xestionase todo o relacionado co funcionamento dos clubs de lectura e da implementación da “hora de ler” (lectura nos dez primeiros minutos da clase seguindo un calendario semanal, ata completar un ciclo de seis semanas), implantada no curso 2015-16 para os dous primeiros cursos de secundaria, facéndose extensivo ao resto da etapa no curso 2016-17.

#### 7.4.2.- TRANSPORTE ESCOLAR.

Constitúe un obxectivo das actuacións públicas a configuración do transporte escolar como un servizo educativo complementario e gratuíto propio sistema educativo. Trátase dunha premisa necesaria para garantir o acceso do alumnado aos centros de educativos. O transporte escolar consiste no traslado do alumnado menor de 16 anos dende o lugar onde técnica e legalmente sexa posible, ata o centro docente, sempre que o seu domicilio estea fóra do núcleo urbano onde se sitúa o centro escolar, e calquera a unha distancia do mesmo superior a 2 Km ou porque circunstancias excepcionais así o autorizan. Tamén poderán ser usuarios do transporte escolar os alumnos e alumnas residentes nun radio menor ao sinalado, así como alumnado de bacharelato, previa solicitude feita por escrito á xefatura territorial da Consellería de Educación. De concederse, estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Conformidade da dirección do centro.
- Á existencia de prazas vacantes no vehículo.
- E a non alteración nos itinerarios e paradas do transporte establecido.

Está organizado en **12 rutas** diferentes, compartidas cos CEIP de Becerreá e As Nogais. A continuación reflíctense as rutas de transporte no cadro inferior, facendo constar o nome da ruta e a relación de paradas autorizadas para cada unha delas. As rutas coloreadas corresponden as realizadas para o alumnado do concello das Nogais.

FERRAÑOL	RETIRO	TORALLO	LIÑARES	FONCOBA	TUCENDE	ESTACAS	SAN PEDRO	VILABOL
FEIRAVELLA	CASTELO	AVD. QUIROGA	CADOALLA	OUSELLE	AS CABANAS	ANOVELLO	N-VI KM 458	RÚA ANCARES
IES	IES	IES	IES	IES	IES	IES	IES	IES
FEIRAVELLA	CASTELO	AVDA. QUIROGA 2	CADOALLA	OUSELLE	AS CABANAS	ANOVELLO	N-VI KM 458	RÚA ANCARES
CARBOEIRA	SAN PEDRO	EULG ROSÓN	CEREIXAL	MONTAÑA AGRA	SOUTO	TORTES	VENTA	CARRETERA NAVIA
LAMAS	TODÓN	AVDA. QUIROGA	RAPOSEIRA	FONCOBA	COUSO	ARMESTO	FERRERÍA	SAA
EIXIBRÓN CARR.	NANTÍN	CRUZUL	LIÑARES		COTO	GUILFREI II	AS NOGAIS-PRAZA	CEIP-AS NOGAIS-
ARROXO	CASCALLÁ	OUSÓN		ED270509	TUCENDE	NARÓN II	AS NOGAIS-CEIP-	AGÜEIRA
TORTES	LAGÚA	HORTA		TORÉS		ESTACAS	DONCOS POBO <a href="#">enlace</a>	A FERRERÍA
FERRAÑOL	AREAL	TORALLO		AS NOGAIS	ED270511		VILACOL	VILELA
	RETIRO			CEIP AS NOGAIS	FORTE CANDO		NOCEDA N.VI	VILABOL
				AGÜEIRA	AS NOGAIS		NOCEDA ABAIXO	ED270510
				A FERRERÍA	CEIP AS NOGAIS		SAN PEDRO	AS FONTES
				VILELA	AS NOGAIS (CEIP)			AS NOGAIS
				VILABOL	VILAVEXE			CEIP-AS NOGAIS-
				AS CRUCES	SAN ANDRÉS			MORAL
				VILAESTEVA	FORTE CANDO			AS FONTES
				FILLOVAL				SINLLÁN
				TORÉS				VILLARÍN

Ademais, o Concello de Becerreá conta co servizo dun vehículo para o transporte dos alumnos/as de Primaria e Secundaria que viven na vila.

#### 7.4.3.- COMEDOR ESCOLAR.

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, o comedor escolar, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do centro de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro (a través do seu protocolo de funcionamento). A modalidade de prestación do servizo de comedor consiste na elaboración de comidas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa adxudicataria do servizo. O persoal do servizo está composto por dúas cociñeiras e 3 coidadoras. O comedor dispón de 66 prazas para o uso do alumnado, habendo unha quenda única de 14:30 a 15:20 de luns a xoves, e de 13:40 a 14:20 os venres. O alumnado é atendido polas coidadoras tanto no comedor coma no tempo que transcurre desde a saída do mesmo ás 15:20 ata as 15:40 que se reanudan as clases.

O alumnado terá que abonar, en función da renda per cápita familiar, unha cantidade diaria que que poderá ser de 1 €, 2,5 € ou 4,5 €, sen prexuízo daqueles que teñan dereito á gratuidade. Os beneficiarios da gratuidade do servizo de comedor son:

- Os alumnos e alumnas de secundaria obrigatoria que sexan usuarios do transporte escolar por ter o seu domicilio a máis de 2 Km. do centro, cunha renda per cápita familiar inferior ou igual a 7.000 €.
- O alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar, ou cun grao de

discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Alumnado pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social (acreditada) ou vítimas do terrorismo ou de violencia de xénero (acreditada).

## 7.5 - ELEMENTOS ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN

### 7.5.1 - A SECRETARÍA

Atendida al menos por un funcionario/a non docente, sendo o responsable da súa organización e xestión o secretario.

O horario para a atención ó público será de 9:30 a 14 horas, dependendo o horario vespertino da duración da xornada escolar das distintas tardes. Estas dependencias permanecerán pechadas dentro deste horario cando o/a auxiliar administrativo estea ausente.

### 7.5.2 - ORZAMENTOS

#### *Gastos fixos aproximados (ano 2023)*

Reparacións, mantemento e conservación.	47.700,53 €
Material de oficina.	32.525,20 €
Subministracións.	37.190,70 €
Comunicacións.	600,00 €
Transporte.	6.000,15 €
Axudas de custo e locomoción.	3.100,00 €
Gastos diversos.	22.214,97 €
Mobiliario e utensilios inventariables.	11.019,70 €
Outros materiais inventariables.	7.594,75 €

As cantidades destinadas para edificio, oficina e subministracións, incrementaranse cada ano en función do crecemento dos prezos.

## 8- TITORÍA

### 8.1.- LIÑAS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DOS PLANS DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

No artigo 16 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan os currículos da ESO e do BAC en Galicia, recóllese que “a acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante en cada un dos cursos. Os centros docentes informarán e orientarán o alumnado na elección de materias, específicas e troncais, de opción, tanto para favorecer a consolidación da adquisición das competencias clave como para facilitar a transición ao mundo laboral ou educativo ao finalizar o ensino obrigatorio, así como nos plans de acollemento no centro docente”.

Cada grupo de alumnos terá un titor, designado polo director entre o profesorado que imparta docencia do grupo. Será o responsable da orientación do alumnado en colaboración co departamento de orientación.

No Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa en Galicia e, na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve, sinalase que os departamentos de orientación elaborarán, de acordo coas directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros. Ademais, a Dirección Xeral de Ordenación Educativa poderá ditar instrucións dirixidas a unificar as actuacións dos diferentes plans de orientación.

O plan orientación é o documento no que se recollen todas as medidas relativas á orientación que de forma xeral, van a ser desenvolvidas no centro. A intervención centrarase sempre en tres grandes ámbitos relacionados entre si:

- Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe
- Plan de orientación académica-profesional e,
- Plan de acción tutorial

Para elaborar o plan é preciso ter en conta os seguintes aspectos:

- Xustificación baseada no contexto: xa que é necesario partir da realidade do noso centro, dos nosos alumnos, dos recursos que temos e das necesidades detectadas na comunidade educativa. Por isto, é importante que a Comisión de Coordinación Pedagóxica estableza ou axude a dirimir qué necesidades ou temas considera relevantes a traballar.
- Obxectivos xerais: estableceranse en base a análise anterior.
- Definir as accións prioritarias de actuación e sinalar en que ámbitos vaise desenvolver ou concretar.
- Estratexias de intervención:

**-Plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe:** ten coma obxectivos prioritarios a identificación/prevenção temperá de dificultades e, a revisión/modificación ou implementación de medidas de carácter curricular ou organizativo para atender ás necesidades educativas.

**-Plan de orientación académica-profesional:** ten que facilitar a toma de decisións de cada alumno con respecto ao seu itinerario académico ou profesional. É preciso fixar

actuacións dirixidas a: autoconñecemento, facilitar información sobre opcións educativas e laborais, propiciar o contacto co entorno e a superación de hábitos sociais discriminatorios ou sexistas que condicionen o acceso aos diferentes estudos ou profesións.

**-Plan de acción tutorial:** este plan ten como obxectivos xerais:

1. Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado (facilitar a integración do alumno, acadar un nivel axeitado de autoconcepción e autoestima, impulsar a súa participación en actividades e acadar a madurez vocacional).
2. Optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe (detectar dificultades nos aprendizaxes básicos e instrumentais, coordinando as respostas educativas e, facilitar a reflexión do alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe).
3. Coordinación do equipo docente (axustar programacións as necesidades educativas do grupo-clase ou dos alumnos individualmente, metodoloxía a empregar, avaliación e promoción...).
4. Orientar aos pais ou tutores legais (establecer as medidas para manter unha comunicación fluída cas familias co fin de intercambiar información sobre a marcha académica dos seus fillos, asesorarlles e solicitarlles colaboración en actividades de reforzo escolar...).

O plan de acción tutorial polo tanto vai ter actividades, obxectivos e contidos propios dos outros ámbitos do plan de orientación.

En canto a súa implementación realizase do seguinte xeito:

Alumnos: todos os alumnos/as da E.S.O teñen unha hora de tutoría grupal

O tutor(a) poderá entrevistarse individualmente cos alumnos/as

Familias: os tutores/as e todo o profesorado do centro teñen unha hora semanal no seu horario para entrevistarse con eles.

Profesorado: o tutor coordinarase de xeito continuado co resto do equipo docente do seu grupo-clase, para poder levar seguimento individualizado e grupal dos alumnos da tutoría, o que permitirá tomar as medidas para atender as necesidades que xurdan.

Os tutores/as reuniranse coa orientadora para a coordinación do plan de acción tutorial, entrega e explicación de materiais a traballar e asuntos que xurdan a tratar.

- Avaliación do plan: ao longo do curso farase unha avaliación de como se desenvolve o programa, se é necesario modificar algo, engadir novos programas...todo isto quedará reflectido no libro de actas do departamento de orientación. Á vista das actas redactarase a memoria final do curso onde se sinalará: as modificacións introducidas, a consecución dos obxectivos fixados, o grao de participación, as conclusións e propostas de cambio para o vindeiro ano.

## 8.2. - ORGANIZACIÓN DAS TITORÍAS

### 8.2.1 - NOMEAMENTO DOS TITORES

Como aparece recollido no artigo 58 do Decreto 324/96 a titoría e orientación do alumnado son parte da función docente e desenvolveráse o longo de tódalas etapas.

Cada grupo de alumnos terá un titor/a designado polo director/a, por proposta de xefe/a de estudos, oído o xefe/ade departamento de orientación, entre profesores/as que impartan docencia a todo o grupo.

### 8.2.2 - HORARIO DAS TITORÍAS

Tanto os alumnos/as como os profesores/as terán no seu horario lectivo unha hora compartida, do obrigado cumprimento, para poder desenvolver a súa función.

### 8.2.3 - COORDINACIÓN DO TRABALLO

O xefe/a de estudos coordinará o traballo dos titores/as e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial (art. 31 e 60).

### 8.2.4 - DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O departamento estará composto, ademais de polo xefe de departamentos, por los titores/as de cada curso e, se é o caso, por un profesor de apoio. É obriga do departamento coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e titoría que o profesorado realiza no centro co seu alumnado (art. 55).

No noso centro a vinculación entre o departamento e a actividade titorial é moi estreita: ata agora a tarefa máis importante foi apoiar os titores tanto na súa acción hacia os seus titorandos como no seu papel de coordinador do seu grupo. Este apoio céntrase, sobre todo, nos seguintes puntos:

- detección precoz do fracaso escolar,,
- dinámicas das avaliacións,
- orientación académica e profesional,
- técnicas de estudo e comprensión lectora.

### 8.3. - FUNCÍONS DA ACCIÓN TITORIAL

As funcións do titor apuntan en tres direccións:

#### **Familia**

- Informar ós pais/nais e titores/as legais sobre aspectos que afecten á educación dos seus fillos/as.
- Implicar ós pais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

#### **Alumnado**

- Facilitar a integración dos alumnos/as na clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Favorecer procesos de maduración vocacional e orientar, educativa e profesionalmente, ós alumnos/as.
- Asesorar ós alumnos sobre as condicións educativas, promoción dunha etapa a outras ...

#### **Profesorado**

- Posibilitar liñas de acción cos demais titores/as no marco do P.E.C. e co departamento de orientación.
- Coordinar o proceso avaliador que levan a cabo o profesorado do grupo da clase, así como a información obtida das reunións.

**A acción titorial debe estar sustentada polo centro como institución, que ten a obriga de planificar estas accións e determinar fórmulas organizativas que as fagan viable: o departamento de orientación establece unhas actividades básicas para levar a cabo en todos os grupos e priorizan outras en función do curso ou nivel o que vaian destinadas.**

### 8.4. - ACTIVIDADES TITORIAIS

#### **Dirixidas ás familias**

- Comunicación das faltas de asistencia
- Atención individualizada para todo tipo de información referida ós seus fillos/as.

#### **Dirixidas ao alumando**

- Xornada de acollida.
- Elección de delegado.
- Dereitos e deberes: normas de convivencia.
- Técnicas de estudo: teoría e práctica.
- Orientación vocacional.
- Orientación profesional.



- Tratamento de temas específicos.

### **Dirixidas ao profesorado**

- Organización das sesións de avaliación.
- Coordinación das medidas adoptadas polo grupo de profesores.

A organización destas actividades parte ben do titor/a ou ben do departamento de orientación, que elaborará material apropiado para levalas a cabo. Como se pode apreciar o labor titorial e orientador/a non se entende no noso centro como un labor clínico, senón como a coordinación da actividade educativa, é dicir, como órganos de apoio dentro do contexto xeral do centro, dende onde se proxectan programas e se coordinan actividades encamiñadas á orientación e formación do alumno/a, a súa integración no grupo e a unha relación fluída coas familias.

## **9 - DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **9.1. - ANTECEDENTES**

O Instituto está comprometido de xeito directo e participativo no Proxecto de dinamización da lingua, elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Co proxecto preténdese plasmar unha serie de pautas xerais que quedarán abertas a calquera tipo de modificación ou ampliación que puidesen xurdir ou presentar calquera das entidades participantes no proxecto, como poden ser: profesorado, alumnado, familias e persoal non docente. Deste xeito en cada curso adecúase o proxecto de normalización aos intereses do centro e dos alumnos así como ás circunstancias socioeconómicas e culturais da zona.

As principais propostas que neste senso facemos ás autoridades educativas son:

- Mantemento da dotación orzamentaria concedida para o equipo.
- Información e colaboración por parte das xefaturas territoriais de educación, de cultura, asuntos sociais, etc. na proposta e financiación de visitas culturais e didácticas, así como facilidades e cooperación na organización e deseño de actos culturais para a semana da Letras Galegas ou outros actos con dispoñibilidade de conferencias, bibliografías, exposicións, etc.

### **9.2. - OBXECTIVOS XERAIS**

- Concienciar ó profesorado da importancia do uso do galego, mediante a elaboración de proxectos curriculares en galego ou tradución dos xa existentes, conferencias, grupos de

traballo ou actividades en conxunto co Equipo de Dinamización Lingüística, xa que o ensino desenvólvese nun medio galego-falante.

- Fomentar o uso do galego nas relacións entre o profesorado, persoal non docente, co propio alumnado e coas familias, así como a elaboración de todo tipo de documentos administrativos e oficiais, tanto establecidos coa administración como usados a nivel interno do centro. Todo isto farase normalmente en galego agás que alguén o solicite en castelán por descoñecer o idioma galego, respectando así os dereitos de todos.
- Recorrer cando sexa necesario ós cursos de iniciación e perfeccionamento organizados pola Dirección Xeral de Política Lingüística para potenciar o uso do galego dos membros interesados deste comunidade escolar.

### 9.3. - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACTIVIDADES

O proxecto elaborado polo Equipo de Dinamización engloba cada ano unha serie de actividades xenéricas con carácter aberto a novas suxerencias financiadas coas correspondentes dotacións concedidas polo Gabinete de Política Lingüística, dependente da Consellería de Educación. Actividades que resumimos do seguinte xeito:

- Adquisición de material bibliográfico: libros, vídeos, unidades didácticas, etc. e todas aquelas novidades literarias máis interesantes.
- Programación de varias conferencias ó longo do ano con personaxes coñecidos da cultura galega, e na semana das Letras Galegas cun autor galego, para achegar a súa obra á comunidade escolar.
- Coordinación da edición anual do “Premio IES Becerreá pola promoción da lingua e cultura gaelgas na comarca dos Ancares”, no que se conceden dous premios de promoción da nosa lingua e cultura na comarca diferenciando estes dous ámbitos de actuación: persoas, asociacións, entidades ou colectivos involucrados ou que traballen directamente no labor cultural; iniciativas privadas, empresariais ou comerciais relacionadas co tecido económico, produtivo ou doutra índole desta comarca que se distinguan polo uso do idioma e no apoio e dignificación da nosa cultura.
- Realización de enquisas sociolingüísticas co obxectivo de fixar a lingua predominante entre os diversos estamentos do centro: alumnos, profesores, persoal administrativo, conserxes, persoal de mantemento e tamén a do contorno do centro.
- Colaboración cos departamentos das distintas áreas, tendente a conseguir a presenza nos currículos da lingua galega e á súa utilización como lingua vehicular de ensino.

- Recolleita de diversos materiais que caracterizan o noso entorno máis inmediato. Formularase dende un enfoque interdisciplinar. Trataríase de recompilar datos dos diferentes eidos da cultura, que podemos chamar "sinais de identidade".

\* Contos populares, cantigas, lendas, etc.

\* Estudio da hidrografía, da flora, da fauna máis característica da bisbarra de Becerreá e da toponimia que a acompaña, rutas xeográficas, etc.

\* Concursos, variedades.

\* Poesía, narrativa, carteis, xogos didácticos, que serán premiados cun lote de libros en galego e material escolar.

\* Confección da revista do Instituto, "A Rebola".

Algunhas destas actividades poderán culminar nunha exposición en paneis, nas instalacións do centro para o disfrute de toda a comunidade escolar.

O Equipo dispensará calquera asesoramento lingüístico, bibliográfico ou información legal que lle sexa solicitado polo profesorado, alumnado ou equipo directivo.

#### 9.4 - USO DO IDIOMA GALEGO ENTRE O ALUMNADO

Na casa ..... 65 %

No Instituto .... 69 %

Cos amigos ..... 34 %

### 10 - COLABORACIÓN ENTRE SECTORES

A colaboración entre os distintos sectores da comunidade educativa: equipo directivo, consello escolar, claustro, xuntas de delegados/as, profesorado, alumnado, persoal non docente e familias, considérase imprescindible para acadar os obxectivos e os fins educativos de centro.

En beneficio da formación do alumnado tamén se considera importante a colaboración con sectores alleos ó centro, tales como asociacións culturais e deportivas, organismos públicos e privados, empresas, etc.

Dende o Consello Escolar onde están representados equipo directivo, profesorado, familias, alumnado e concello, programaranse o inicio de cada curso as actividades oportunas (xuntanzas, actos culturais e deportivos, etc) para fomentar esta colaboración.

O instituto mantén relación tamén cos colexios de primaria da zona, consistente en: visitas dos alumnos/as dos últimos cursos ás instalacións do centro, charlas impartidas por personal do instituto nos colexios, actividades complementarias e extraescolares conxuntas, etc.

Estes colexios son os de: Becerreá, San Román de Cervantes, Baralla, Pedrafita do

Cebreiro, Navia de Suarna e As Nogais.

Algunhas empresas da zona e incluso de Lugo, poden manter relación co centro, pois acollerían alumnado para realizar a formación en centros de traballo (FP Básica, cando sexa o caso).

## 11 – REFERENCIAS LEXISLATIVAS.

### *XERAIS*

---

- Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Orde do 21 de outubro de 1996 pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do Consello Escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, e se fixan as súas datas de celebración. (DOG do 22).
- Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e de educación de adultos. (DOG do 4 de novembro, corrección de erros DOG 15-11-1996)
- Orde do 28 de xuño de 2010, pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
- Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se convoa o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e O.U. para o curso 2009-2010 –DOG núm. 68 do 8 de abril de 2009.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. DOG núm. 97, do 25 de maio.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario. DOG núm. 97, do 20 de maio.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. DOG núm. 136, do 15 de xullo. Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. DOG núm. 17, do 27 de xaneiro.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. BOE núm. 25, do 29 de xaneiro.
- Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato, na formación profesional e nas ensinanzas de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de ensino secundario. BOE núm. 171, do 18 de xullo.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. BOE núm. 340, do 30 de decembro de 2020
- Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria, no bacharelato e na formación profesional. BOE núm. 275, do 17 de novembro de 2021.

- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. DOG núm. 29, do 11 de febreiro de 2022.

### ***E.S.O.***

---

- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia –DOG núm. 177 do 12 de setembro de 2007.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. BOE núm. 183, do 30 de xullo.
- Decreto 156/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

### ***BACHARELATO***

---

- Resolución do 11 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa, pola que se establecen os modelos dos documentos oficiais de avaliación do bacharelato –DOG núm. 184 do 23 de setembro de 2008.
- Real Decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. BOE núm. 183, do 30 de xullo.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 11 - APROBACIÓN E AVALIACION DO P.E.C.

O borrador deste Proxecto Educativo foi elaborado nos meses de agosto e setembro de 1996 polo Equipo Directivo do Instituto. Colaboraron na súa redacción, o actual e o anterior Xefe do Departamento de Orientación, e profesores do Departamento de Lingua e Literatura Galega.

Utilizouse entre outras, a documentación elaborada por un grupo de profesores que participaron nos cursiños "Elaboración do PEC do IESP de Becerreá" celebrados no centro en anos anteriores.

Foi presentado ó Consello Escolar, Claustro de Profesores, Xunta de Delegados, Persoal non Docente e A.P.A., a metade do mes de outubro para que presentasen por escrito as alegacións e propostas de modificación que considerasen oportunas ata metade de novembro.

Na xuntanza do Consello Escolar do día 21 de novembro recóllense as alegacións presentadas. Só as houbo por parte dos profesores que pediron se incluíse o apartado 1.7; foi petición dos profesorado tamén, a inclusión a medio prazo de: interpretación de enquisas dos apartados 1.1, 1.2 e 1.3, priorización dos fins educativos e situación lingüística do centro.

Acórdase incluír a enquisa relativa ó profesorado (apartado 1.7) e o apartado de avaliación que se estaba redactando neses intres, para posteriormente o Consello Escolar aprobar o Proxecto.

No curso 2008-2009 o equipo directivo coa colaboración do claustro de profesores leva a cabo a actualización e adaptación do PEC á normativa vixente naquel momento. Esta modificación é aprobada por unanimidade polo Consello Escolar na xuntanza do 26 de xuño de 2009.

No curso 2005-06 procedéuse a adaptalo á nova normativa educativa (LOMCE), introducindo aqueles aspectos que corresponden segundo o calendario de implantación desta normativa, procedemento que se rematará no curso seguinte.

No curso 2021-22 introdúcense as modificacións oportunas para adaptalo á modificación da normativa sobre avaliación, promoción e titulación na ESO e no Bac, froito da entrada en vigor da LOMLOE, así como ás novidades que esta conleva na oferta educativa do centro para os cursos impares da ESO e do Bacharelato.

No curso 2022-23 incluíronse todas as novidades relativas a aplicación completa da LOMLOE, incluíndo tamén neste documento a concreción curricular, que se recolle na aplicación informática "Proens".

Segundo a lexislación actual e a distribución de competencias dos órganos de goberno, este Proxecto Educativo será avaliado no terceiro trimestre de cada curso polo Consello Escolar

quen propondrá e aprobará, se procede, as modificacións oportunas para o curso seguinte.

## **12 - ANEXOS**